PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO
# PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 394
5 de decembro de 2018

Fascículo 3

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

**38789 (10/PNC-003107)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Blanco Paradelo, Moisés e trece deputados/as máis**
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia da redacción dun proxecto de mellora e acondicionamento do trazado da estrada OU-636, entre Freixido e A Pobra de Trives, para posibilitar a súa aprobación no ano 2019 e a realización dos trámites necesarios para a execución das obras 133883

**Rexeitamento da iniciativa**

**23014 (10/PNC-001837)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**
Sobre a contratación pola Xunta de Galicia, no primeiro semestre de 2018, da redacción dun proxecto para mellorar a seguridade viaria e a mobilidade peonil na estrada PO-841, A Estrada-Santiago de Compostela, na intersección coñecida como «cruzamento de Baloira» 133883

**33314 (10/PNC-002726)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da veciñanza do lugar de Beltrán, da localidade de Xove, referidas ao arranxo dos problemas de seguridade xurdidos a consecuencia da construción da rotonda de conexión da LU-682 coa vía de alta capacidade CG-2.3 133884

**35955 (10/PNC-002885)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria e peonil da estrada PO-308, no concello de Poio 133884

**38796 (10/PNC-003109)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a ampliación dos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 133884

**39560 (10/PNC-003180)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-331, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 11,200 e 14,600 133884

**Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

### Retirada iniciativa en comisión

**38253 (10/PNC-003065)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores**
Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense 133885

### Aprobación con modificacións

**36686 (10/PNC-002941)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a defensa da pesca de quenlla por parte da frota de palangre, así como a clarificación técnica da interpretación da normativa que prohíbe a práctica denominada *finning* e a súa aplicación ao resto de frotas mundiais 133885

### Aprobación por unanimidade con modificacións:

**38059 (10/PNC-003049)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis**
Sobre o asinamento por parte do Goberno galego dun convenio coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da implantación de semente produtiva na ría de Ferrol 133885

### Aprobación por unanimidade sen modificacións:

**36694 (10/PNC-002945)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**
Sobre a demanda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ao Ministerio de Fomento das actuacións necesarias destinadas a solucionar a problemática da potencia das embarcacións de recursos específicos 133886

**37716 (10/PNC-003030)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Torregrosa Sañudo, Julia e tres deputados/as máis**
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en colaboración co sector e as universidades galegas, dun plan integral de apoio ao sector do mar afectado pola normativa europea que obriga ao desembarco da totalidade das capturas 133886

**Rexeitamento das iniciativas:**

**32569 (10/PNC-002662)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Cal Ogando, Marcos e catro deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xerados pola estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa, así como a ampliación comprometida 133887

**36752 (10/PNC-002951)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**
Sobre a demanda ao Goberno español da transferencia a Galicia dos denominados portos de interese xeral de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao, así como os recursos, funcións e servizos actualmente encomendados a eles 133887

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

**Admisión a trámite e publicación**

**40783 (10/PRE-012034)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis**
Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno para facilitar a incorporación de novos titulados como técnicos en emerxencias e protección civil nos distintos dispositivos de emerxencias dependentes da Administración autonómica, así como nos da Administración local cofinanciados pola Xunta de Galicia 133899

**40791 (10/PRE-012035)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas denuncias do Foro do Camiño Primitivo e da Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago referidas ás obras realizadas nos tramos dos Camiños que transcorren polos concellos da Fonsagrada, Sarria e Paradela, así como as consecuencias do uso de saburra e cemento para o seu acondicionamento, os datos referidos ás actuacións

concretas levadas a cabo para ese fin e a verificación desas denuncias pola Dirección Xeral do Patrimonio 133903

**40802 (10/PRE-012036)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Losada Álvarez, Abel Fermín e 4 máis**
Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego dos problemas existentes na subministración de enerxía eléctrica en moitos lugares de Galicia, a incidencia que están a ter para a cidadanía e o desenvolvemento da actividade económica e, en concreto, os que se levan producindo desde hai anos no polígono industrial dos Acivros, no concello de Chantada, así como as actuacións levadas a cabo e previstas ao respecto 133906

**40810 (10/PRE-012037)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da situación na que se atopa o edificio da antiga lonxa de Camariñas, as xestións que vai levar a cabo para dotala de utilidade e as súas previsións respecto da transferencia da súa titularidade ao Concello 133909

**40816 (10/PRE-012038)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**
Sobre as intencións do Goberno galego respecto do impulso da posta en marcha da Estratexia galega de seguridade e saúde laboral e, se é o caso, o prazo e as medidas previstas para ese fin 133911

**40852 (10/PRE-012039)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 3 máis**
Sobre os datos referidos á decisión da Xunta de Galicia de reorganizar a asistencia sanitaria que se viña prestando no concello de Carballedo, as súas razóns para diminuír o número de profesionais de Medicina de Familia e pechar o consultorio de Castro, así como a incidencia que van ter esas medidas e as novas formas de asistencia sanitaria que vai implantar nese concello 133913

**40854 (10/PRE-012040)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**
Sobre as previsións de Augas de Galicia referidas á autorización da eliminación de todas as captacións de auga para consumo humano na zona afectada polo proxecto de reapertura da mina de cobre no concello de Touro, o coñecemento dos resultados das analíticas desas captacións presentadas pola empresa promotora e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto 133916

**40873 (10/PRE-012041)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**
Sobre as razóns do Goberno galego para non divulgar no seu momento as zonas xeográficas en que se ían facer soltas masivas do parasito *Torymus sinensis* para combater a praga da nespriña do

castiñeiro, a conveniencia de organizar charlas e de lles fornecer material divulgativo aos propietarios de soutos e de novas plantacións co fin de non entorpecer a súa instalación, así como a incidencia, á vista da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da nespriña e o alcance da súa expansión no último ano 133920

**40883 (10/PRE-012042)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e 2 máis**
Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á suficiencia da sentenza xudicial ditada en relación co recurso presentado por un percebeiro para reconsiderar a súa posición en relación coas sancións impostas a persoas do sector por considerar que existía mal tempo para saír a pescar a flote, así como a necesidade de reformular os baremos e os criterios na materia e as actuacións previstas ao respecto 133923

**40887 (10/PRE-012043)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego referida á eficacia da súa política en materia de depuración e saneamento, a contía que debe pagar polo incumprimento da normativa comunitaria de tratamento de residuos líquidos en Santiago de Compostela, Vigo e Ribeira, e a situación en que se atopa o procedemento aberto pola Unión Europea contra España por infraccións no eixe Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, así como as medidas que vai adoptar ao respecto 133926

**40890 (10/PRE-012044)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**
Sobre as razóns do peche na actualidade do *spa* de viñoterapia situado no mosteiro de San Clodio, na comarca do Ribeiro, e a valoración da Xunta de Galicia en relación coa necesidade de facer melloras nas súas instalacións dous meses despois da súa posta en marcha, así como os datos referidos ás melloras levadas a cabo e a incidencia que vai ter a súa apertura no incremento do turismo na comarca 133929

**40894 (10/PRE-012045)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**
Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa cesión por parte da directiva do Centro Galego de Bruxelas da sala La Tentation para a celebración do concerto *12 horas per la llibertat* 133932

**40901 (10/PRE-012046)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón**
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para reverter a situación xerada na comarca da Limia pola xestión dos residuos procedentes das explotacións de gandaría intensiva, en particular as dedicadas á produción porcina e avícola 133936

**40943 (10/PRE-012047)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do actual funcionamento da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, a súa dotación de profesionais e o proceso seguido para a cobertura da praza de director ou directora xerente, así como as previsións ao respecto 133939

**40949 (10/PRE-012048)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co lugar que ocupa Galicia respecto do resto das comunidades autónomas no referido á taxa de prevalencia de mulleres maiores de sesenta e cinco anos falecidas de xeito violento, as razóns do nivel que presenta esa taxa e a súa opinión referida ao esforzo que está a levar a cabo a Administración autonómica para detectala e para artellar unha atención especializada e axudas para as vítimas, así como as actuacións previstas ao respecto 133942

**40957 (10/PRE-012049)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación para o persoal do sector naval e as actuacións levadas a cabo e previstas ao respecto, así como a avaliación que fai da evolución da saúde laboral no sector 133945

**40964 (10/PRE-012050)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción e 3 máis**
Sobre a valoración da Consellería de Cultura e Turismo referida á situación dos xacementos arqueolóxicos do illote Guidoiro Areoso, na ría de Arousa, as medidas que está a adoptar para impedir ou desacelerar a súa destrución e a súa opinión en relación co impacto que está a ter a afluencia humana que rexistra, así como as actuacións que está a desenvolver xunto coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa protección 133949

**40967 (10/PRE-012051)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción por parte da empresa Medtronic da decisión de ampliar o Servizo de Hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo ás vinte e catro horas do día, as decisións que está a tomar no Servizo de Cardioloxía do centro segundo o acordo asinado coa Consellería de Sanidade e a relación que hai entre ela e o Servizo de Hemodinámica dese hospital 133951

**40969 (10/PRE-012052)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre os datos referidos aos controis da presenza de cianobacterias realizados no ano 2018 nos encoros da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa 133953

**40981 (10/PRE-012053)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre as razóns da transferencia de crédito levada a cabo no mes de setembro de 2018 con cargo ao importe total da partida orzamentaria denominada «Axuda inicial a mozos e mozas pescadores» do programa 723A, con destino ao programa 723B, «Medidas de comercialización», e as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o relevo xeracional no sector da pesca se elimina esas axudas 133955

**40993 (10/PRE-012054)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**
Sobre as razóns das medidas restritivas impostas ao sector lácteo na normativa referida ás boas condicións agrarias e ambientais da terra para o pagamento das axudas da política agraria común e as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio Rural para defender o sector, así como a súa posible incidencia nas explotacións de leite familiares e de menor tamaño, na crise demográfica e no despoboamento do rural 133957

**40999 (10/PRE-012055)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis**
Sobre as razóns do baixo nivel de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus plans normativos anuais 133962

**41023 (10/PRE-012056)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Israel realizada polo presidente da Xunta de Galicia entre os días 30 de xaneiro e 1 de febreiro de 2018, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133964

**41024 (10/PRE-012057)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a México realizada polo presidente da Xunta de Galicia entre os días 30 de abril e 5 de maio de 2018, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133966

**41025 (10/PRE-012058)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo presidente da Xunta de Galicia os días 15 e 16 de maio de 2018, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133968

**41026 (10/PRE-012059)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Lisboa realizada polo presidente da Xunta de Galicia os días 2 e 3 de xullo de 2018, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133970

**41027 (10/PRE-012060)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o día 18 de febreiro de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133972

**41028 (10/PRE-012061)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a París realizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 8 de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133974

**41029 (10/PRE-012062)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bos aires realizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 3 de maio de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133976

**41030 (10/PRE-012063)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Xenebra realizada polo conselleiro de Política Social o día 22 de xaneiro de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133978

**41031 (10/PRE-012064)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo conselleiro de Política Social o día 15 de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133980

**41032 (10/PRE-012065)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo conselleiro de Política Social o día 22 de maio de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133982

**41033 (10/PRE-012066)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Nürnberg realizada pola conselleira do Medio Rural o día 11 de febreiro de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133984

**41034 (10/PRE-012067)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada pola conselleira do Medio Rural o día 20 de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133986

**41035 (10/PRE-012068)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos ás viaxes oficiais a Bruxelas realizadas pola conselleira do Mar os días 22 de xaneiro, 9 de marzo e 24 e mais 28 de abril de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133988

**41036 (10/PRE-012069)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial ao Brasil realizada polo secretario xeral de Emigración no mes de febreiro de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133990

**41037 (10/PRE-012070)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Venezuela realizada polo secretario xeral de Emigración no mes de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133992

**41038 (10/PRE-012071)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Zürich realizada polo secretario xeral de Emigración no mes de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133994

**41039 (10/PRE-012072)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos ás viaxes oficiais a Alemaña e ao Reino Unido realizadas polo secretario xeral de Emigración no mes de abril de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133996

**41040 (10/PRE-012073)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos ás viaxes oficiais á Arxentina, ao Uruguai, a México e a Venezuela realizadas polo secretario xeral de Emigración no mes de maio de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 133998

**41041 (10/PRE-012074)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Berlín realizada pola directora da Axencia Turismo de Galicia no mes de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 134000

**41042 (10/PRE-012075)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Ámsterdam realizada pola directora da Axencia Turismo de Galicia para manter reunións de prospección cara á preparación do Ano Xacobeo 2021, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 134002

**41043 (10/PRE-012076)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Osaka e a Tokyo realizada pola directora da Axencia Turismo de Galicia entre os días 19 e 23 de xuño de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 134004

**41044 (10/PRE-012077)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e 13 máis**
Sobre os datos referidos ás viaxes oficiais a Bruxelas e a Portugal realizadas polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea no ámbito do traballo ordinario desa dirección xeral, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos 134006

**41049 (10/PRE-012078)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre os datos referidos ao alumnado que cursou o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach) no curso 2017-2018 e ao que o está a cursar no curso 2018-2019, a realización por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dalgunha análise das causas da escasa aceptación que ten esta modalidade de bacharelato e a súa valoración respecto do nivel de participación que presentan os centros privados en relación cos centros públicos, así como a posible incidencia do transporte escolar 134008

**41072 (10/PRE-012079)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co estado en que se atopa a capela da Virxe de Guadalupe, en San Vitoiro de Ribas de Miño, no concello do Saviñao, e a recepción dalgunha comunicación do Concello a respecto das medidas que vai adoptar para o seu mantemento e conservación 134010

**41076 (10/PRE-012080)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**
Sobre as razóns da demora que presentan as citas para revisión no Servizo de Oftalmoloxía do Hospital Comarcal de Monforte, a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da actual dotación de persoal do centro para garantir a correcta atención da poboación e as medidas previstas ao respecto 134013

**41081 (10/PRE-012081)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**
Sobre as modificacións previstas pola Axencia Galega das Industrias Culturais no modelo de xestión da Rede Galega de Salas e da Rede Galega de Teatros e Auditorios, os seus obxectivos e a data da súa entrada en vigor, así como a realización por parte da Xunta de Galicia dalgunha proposta para externalizar a organización de Galicia Escena PRO 134016

**41105 (10/PRE-012082)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida á saúde do sistema financeiro galego após a merca por Abanca do Banco Caixa Geral portugués, o tipo de medidas e estudos postos en marcha ou previstos ao respecto e a súa opinión en relación co seu impacto no nivel de concentración bancaria en Galicia, nos clientes, nas persoas usuarias de servizos financeiros e no emprego, así como as actuacións que vai levar a cabo para intervir nesta situación 134020

**41120 (10/PRE-012083)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula**
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para pechar a residencia de persoas maiores Valle-Inclán, no concello de Vilanova de Arousa, as alternativas que se lles vai ofrecer ás persoas usuarias e as actuacións previstas para evitar a perda dos actuais postos de traballo 134024

**41132 (10/PRE-012084)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a destrución dos postos de traballo e a desaparición das oficinas do Banco Caixa Geral portugués en Galicia, así como a perda de servizos e o incremento da concentración bancaria, como consecuencia da merca desa entidade por Abanca 134027

**41136 (10/PRE-012085)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis**
Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a adxudicación do servizo de comedor do IES Aquis Querquernis de Bande, a realización dalgunha avaliación da calidade da súa prestación e o seu coñecemento das deficiencias detectadas, así como os mecanismos que posúe para detectar posibles incumprimentos de carácter nutricional nos menús 134030

#### 1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

**Admisión a trámite e publicación**

**40820 (10/PDC-000029)**
Pregunta de iniciativa popular sobre o coñecemento por parte da Consellería de Sanidade do inicio de xestións por parte da empresa titular do tanatorio de Lousame para a autorización da instalación dun forno crematorio en Portobravo, a súa opinión ao respecto e as súas razóns para non atender a solicitude de información pública en relación cos expedientes de declaración responsable para o inicio ou a variación da actividade nese tanatorio 134034

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

## 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos
### 2.2.6. Composición da Mesa das comisións

**Elección membros da Mesa**

**Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

36752 (10/CEEM-000041)
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Elección de secretario/a da Comisión 133897

## Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

### Elección de secretaria

(10/CEEM-000040)
**Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG Elección de secretario/a da Comisión**
Elección de secretario/a da Comisión 133898

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 29 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 38789 (10/PNC-003107)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e trece deputados/as máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia da redacción dun proxecto de mellora e acondicionamento do trazado da estrada OU-636, entre Freixido e A Pobra de Trives, para posibilitar a súa aprobación no ano 2019 e a realización dos trámites necesarios para a execución das obras
BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a redacción dun proxecto de mellora e acondicionamento de trazado da estrada OU-636 entre Freixido e A Pobra de Trives, co obxectivo de que poida estar redactado e aprobado no ano 2019 para, a continuación, seguir coa tramitación necesaria para a execución das obras.»

**Rexeitamento da iniciativa**

- 23014 (10/PNC-001837)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre a contratación pola Xunta de Galicia, no primeiro semestre de 2018, da redacción dun proxecto para mellorar a seguridade viaria e a mobilidade peonil na estrada PO-841, A Estrada-Santiago de Compostela, na intersección coñecida como «cruzamento de Baloira»
BOPG nº 247, do 25.01.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 33314 (10/PNC-002726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da veciñanza do lugar de Beltrán, da localidade de Xove, referidas ao arranxo dos problemas de seguridade xurdidos a consecuencia da construción da rotonda de conexión da LU-682 coa vía de alta capacidade CG-2.3
BOPG nº 338, do 19.07.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 35955 (10/PNC-002885)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria e peonil da estrada PO-308, no concello de Poio
BOPG nº 354, do 12.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 38796 (10/PNC-003109)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a ampliación dos espazos protexidos pola Rede Natura 2000
BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 39560 (10/PNC-003180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada PO-331, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 11,200 e 14,600
BOPG nº 380, do 06.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

### Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 30 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

**Retirada iniciativa en comisión**

- 38253 (10/PNC-003065)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense
BOPG nº 371, do 16.10.2018

**Aprobación con modificacións**

- 36686 (10/PNC-002941)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a defensa da pesca de quenlla por parte da frota de palangre, así como a clarificación técnica da interpretación da normativa que prohíbe a práctica denominada *finning* e a súa aplicación ao resto de frotas mundiais
BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificación respecto do texto orixinal.

Votación separada por puntos: o punto 1º resulta aprobado por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións; o punto 2º resulta aprobado por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que defenda a pesca de quenlla por parte da nosa frota de palangre e proceda a demandar da Comisión Europea a clarificación técnica da interpretación da normativa que prohibe a práctica coñecida como *finning*.

2. Que traballe no seo da Unión Europea para que se estenda a aplicación da normativa europea nesta materia ao resto de frotas mundiais e así evitar que existan diferentes condicionantes para esta práctica pesqueira segundo a frota de cada país. Tendo en conta que corresponde á Comisión Europea realizar as xestións oportunas nos foros internacionais para que este aspecto se consiga.»

**Aprobación por unanimidade con modificacións:**

- 38059 (10/PNC-003049)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis
Sobre o asinamento por parte do Goberno galego dun convenio coa Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da implantación de semente produtiva na ría de Ferrol
BOPG nº 368, do 10.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a artellar unha fórmula coa Deputación Provincial da Coruña para que cada administración proceda a asignar una cantidade, non inferior a 70.000 euros por cada administración, co fin de recuperar e promover a mellora produtiva da ría de Ferrol.»

**Aprobación por unanimidade sen modificacións:**

- 36694 (10/PNC-002945)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre a demanda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ao Ministerio de Fomento das actuacións necesarias destinadas a solucionar a problemática da potencia das embarcacións de recursos específicos
BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

1O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e do Ministerio de Fomento a continuación dos trámites necesarios para finalizar as modificacións normativas precisas, conforme a negociación mantida, de cara a darlle solución á problemática da potencia das embarcacións de recursos específicos.»

- 37716 (10/PNC-003030)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e tres deputados/as máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en colaboración co sector e as universidades galegas, dun plan integral de apoio ao sector do mar afectado pola normativa europea que obriga ao desembarco da totalidade das capturas
BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar, en cooperación co sector e as universidades galegas, un plan integral de apoio ao sector do mar afectado por esta norma, que permita abordar o impacto económico que a obriga de desembarco vai ter para a frota artesanal galega. Este plan debe ter en conta, entre outros, dende os estudos para aplicar melloras técnicas nas embarcacións

que permitan reducir os descartes, así como o financiamento dos estudos científicos que permitan minimizar o impacto da norma logo da súa presentación ás autoridades europeas, ata os mecanismos de compensación económica ante as situación de peche que se poidan provocar pola aplicación da norma.»

**Rexeitamento das iniciativas:**

- 32569 (10/PNC-002662)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e catro deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xerados pola estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa, así como a ampliación comprometida
BOPG nº 329, do 29.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 36752 (10/PNC-002951)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre a demanda ao Goberno español da transferencia a Galicia dos denominados portos de interese xeral de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao, así como os recursos, funcións e servizos actualmente encomendados a eles
BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de decembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

**Admisión a trámite e publicación**

- 40783 (10/PRE-012034)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno para facilitar a incorporación de novos titulados como técnicos en emerxencias e protección civil nos distintos dispositivos de emerxencias

dependentes da Administración autonómica, así como nos da Administración local cofinanciados pola Xunta de Galicia

- 40791 (10/PRE-012035)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas denuncias do Foro do Camiño Primitivo e da Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago referidas ás obras realizadas nos tramos dos Camiños que transcorren polos concellos da Fonsagrada, Sarria e Paradela, así como as consecuencias do uso de saburra e cemento para o seu acondicionamento, os datos referidos ás actuacións concretas levadas a cabo para ese fin e a verificación desas denuncias pola Dirección Xeral do Patrimonio

- 40802 (10/PRE-012036)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 4 máis
Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego dos problemas existentes na subministración de enerxía eléctrica en moitos lugares de Galicia, a incidencia que están a ter para a cidadanía e o desenvolvemento da actividade económica e, en concreto, os que se levan producindo desde hai anos no polígono industrial dos Acivros, no concello de Chantada, así como as actuacións levadas a cabo e previstas ao respecto

- 40810 (10/PRE-012037)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da situación na que se atopa o edificio da antiga lonxa de Camariñas, as xestións que vai levar a cabo para dotala de utilidade e as súas previsións respecto da transferencia da súa titularidade ao Concello

- 40816 (10/PRE-012038)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as intencións do Goberno galego respecto do impulso da posta en marcha da Estratexia galega de seguridade e saúde laboral e, se é o caso, o prazo e as medidas previstas para ese fin

- 40852 (10/PRE-012039)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre os datos referidos á decisión da Xunta de Galicia de reorganizar a asistencia sanitaria que se viña prestando no concello de Carballedo, as súas razóns para diminuír o número de profesionais de Medicina de Familia e pechar o consultorio de Castro, así como a incidencia que van ter esas medidas e as novas formas de asistencia sanitaria que vai implantar nese concello

- 40854 (10/PRE-012040)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións de Augas de Galicia referidas á autorización da eliminación de todas as captacións de auga para consumo humano na zona afectada polo proxecto de reapertura da mina de cobre no concello de Touro, o coñecemento dos resultados das analíticas desas captacións presentadas pola empresa promotora e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto

- 40873 (10/PRE-012041)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non divulgar no seu momento as zonas xeográficas en que se ían facer soltas masivas do parasito *Torymus sinensis* para combater a praga da nespriña do castiñeiro, a conveniencia de organizar charlas e de lles fornecer material divulgativo aos propietarios de soutos e de novas plantacións co fin de non entorpecer a súa instalación, así como a incidencia, á vista da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da nespriña e o alcance da súa expansión no último ano

- 40883 (10/PRE-012042)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á suficiencia da sentenza xudicial ditada en relación co recurso presentado por un percebeiro para reconsiderar a súa posición en relación coas sancións impostas a persoas do sector por considerar que existía mal tempo para saír a pescar a flote, así como a necesidade de reformular os baremos e os criterios na materia e as actuacións previstas ao respecto

- 40887 (10/PRE-012043)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á eficacia da súa política en materia de depuración e saneamento, a contía que debe pagar polo incumprimento da normativa comunitaria de tratamento de residuos líquidos en Santiago de Compostela, Vigo e Ribeira, e a situación en que se atopa o procedemento aberto pola Unión Europea contra España por infraccións no eixe Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, así como as medidas que vai adoptar ao respecto

- 40890 (10/PRE-012044)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as razóns do peche na actualidade do *spa* de viñoterapia situado no mosteiro de San Clodio, na comarca do Ribeiro, e a valoración da Xunta de Galicia en relación coa necesidade de facer melloras nas súas instalacións dous meses despois da súa posta en marcha, así como os datos referidos ás melloras levadas a cabo e a incidencia que vai ter a súa apertura no incremento do turismo na comarca

- 40894 (10/PRE-012045)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia en relación coa cesión por parte da directiva do Centro Galego de Bruxelas da sala La Tentation para a celebración do concerto *12 horas per la llibertat*

- 40901 (10/PRE-012046)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para reverter a situación xerada na comarca da Limia pola xestión dos residuos procedentes das explotacións de gandaría intensiva, en particular as dedicadas á produción porcina e avícola

- 40943 (10/PRE-012047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do actual funcionamento da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, a súa dotación de profesionais e o proceso seguido para a cobertura da praza de director ou directora xerente, así como as previsións ao respecto

- 40949 (10/PRE-012048)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co lugar que ocupa Galicia respecto do resto das comunidades autónomas no referido á taxa de prevalencia de mulleres maiores de sesenta e cinco anos falecidas de xeito violento, as razóns do nivel que presenta esa taxa e a súa opinión referida ao esforzo que está a levar a cabo a Administración autonómica para detectala e para artellar unha atención especializada e axudas para as vítimas, así como as actuacións previstas ao respecto

- 40957 (10/PRE-012049)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación para o persoal do sector naval e as actuacións levadas a cabo e previstas ao respecto, así como a avaliación que fai da evolución da saúde laboral no sector

- 40964 (10/PRE-012050)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis
Sobre a valoración da Consellería de Cultura e Turismo referida á situación dos xacementos arqueolóxicos do illote Guidoiro Areoso, na ría de Arousa, as medidas que está a adoptar para impedir ou desacelerar a súa destrución e a súa opinión en relación co impacto que está a ter a afluencia humana que rexistra, así como as actuacións que está a desenvolver xunto coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa protección

- 40967 (10/PRE-012051)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción por parte da empresa Medtronic da decisión de ampliar o Servizo de Hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo ás vinte e catro horas do día, as decisións que está a tomar no Servizo de Cardioloxía do centro segundo o acordo asinado coa Consellería de Sanidade e a relación que hai entre ela e o Servizo de Hemodinámica dese hospital

- 40969 (10/PRE-012052)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre os datos referidos aos controis da presenza de cianobacterias realizados no ano 2018 nos encoros da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

- 40981 (10/PRE-012053)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as razóns da transferencia de crédito levada a cabo no mes de setembro de 2018 con cargo ao importe total da partida orzamentaria denominada «Axuda inicial a mozos e mozas pescadores» do programa 723A, con destino ao programa 723B, «Medidas de comercialización», e as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o relevo xeracional no sector da pesca se elimina esas axudas

- 40993 (10/PRE-012054)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns das medidas restritivas impostas ao sector lácteo na normativa referida ás boas condicións agrarias e ambientais da terra para o pagamento das axudas da política agraria común e as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio Rural para defender o sector, así como a súa posible incidencia nas explotacións de leite familiares e de menor tamaño, na crise demográfica e no despoboamento do rural

- 40999 (10/PRE-012055)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as razóns do baixo nivel de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus plans normativos anuais

- 41023 (10/PRE-012056)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Israel realizada polo presidente da Xunta de Galicia entre os días 30 de xaneiro e 1 de febreiro de 2018, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41024 (10/PRE-012057)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a México realizada polo presidente da Xunta de Galicia entre os días 30 de abril e 5 de maio de 2018, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41025 (10/PRE-012058)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo presidente da Xunta de Galicia os días 15 e 16 de maio de 2018, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41026 (10/PRE-012059)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Lisboa realizada polo presidente da Xunta de Galicia os días 2 e 3 de xullo de 2018, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41027 (10/PRE-012060)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o día 18 de febreiro de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41028 (10/PRE-012061)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a París realizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 8 de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41029 (10/PRE-012062)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bos aires realizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 3 de maio de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41030 (10/PRE-012063)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Xenebra realizada polo conselleiro de Política Social o día 22 de xaneiro de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41031 (10/PRE-012064)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo conselleiro de Política Social o día 15 de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41032 (10/PRE-012065)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo conselleiro de Política Social o día 22 de maio de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41033 (10/PRE-012066)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Nürnberg realizada pola conselleira do Medio Rural o día 11 de febreiro de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41034 (10/PRE-012067)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada pola conselleira do Medio Rural o día 20 de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41035 (10/PRE-012068)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos ás viaxes oficiais a Bruxelas realizadas pola conselleira do Mar os días 22 de xaneiro, 9 de marzo e 24 e mais 28 de abril de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41036 (10/PRE-012069)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial ao Brasil realizada polo secretario xeral de Emigración no mes de febreiro de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41037 (10/PRE-012070)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Venezuela realizada polo secretario xeral de Emigración no mes de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41038 (10/PRE-012071)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Zürich realizada polo secretario xeral de Emigración no mes de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41039 (10/PRE-012072)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos ás viaxes oficiais a Alemaña e ao Reino Unido realizadas polo secretario xeral de Emigración no mes de abril de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41040 (10/PRE-012073)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos ás viaxes oficiais á Arxentina, ao Uruguai, a México e a Venezuela realizadas polo secretario xeral de Emigración no mes de maio de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41041 (10/PRE-012074)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Berlín realizada pola directora da Axencia Turismo de Galicia no mes de marzo de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41042 (10/PRE-012075)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Ámsterdam realizada pola directora da Axencia Turismo de Galicia para manter reunións de prospección cara á preparación do Ano Xacobeo 2021, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41043 (10/PRE-012076)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Osaka e a Tokyo realizada pola directora da Axencia Turismo de Galicia entre os días 19 e 23 de xuño de 2018, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41044 (10/PRE-012077)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre os datos referidos ás viaxes oficiais a Bruxelas e a Portugal realizadas polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea no ámbito do traballo ordinario desa dirección xeral, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 41049 (10/PRE-012078)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre os datos referidos ao alumnado que cursou o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach) no curso 2017-2018 e ao que o está a cursar no curso 2018-2019, a realización por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dalgunha análise das causas da escasa aceptación que ten esta modalidade de bacharelato e a súa valoración respecto do nivel de participación que presentan os centros privados en relación cos centros públicos, así como a posible incidencia do transporte escolar

- 41072 (10/PRE-012079)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co estado en que se atopa a capela da Virxe de Guadalupe, en San Vitoiro de Ribas de Miño, no concello do Saviñao, e a recepción dalgunha comunicación do Concello a respecto das medidas que vai adoptar para o seu mantemento e conservación

- 41076 (10/PRE-012080)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns da demora que presentan as citas para revisión no Servizo de Oftalmoloxía do Hospital Comarcal de Monforte, a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da actual dotación de persoal do centro para garantir a correcta atención da poboación e as medidas previstas ao respecto

- 41081 (10/PRE-012081)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as modificacións previstas pola Axencia Galega das Industrias Culturais no modelo de xestión da Rede Galega de Salas e da Rede Galega de Teatros e Auditorios, os seus obxectivos e a data da súa entrada en vigor, así como a realización por parte da Xunta de Galicia dalgunha proposta para externalizar a organización de Galicia Escena PRO

- 41105 (10/PRE-012082)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida á saúde do sistema financeiro galego após a merca por Abanca do Banco Caixa Geral portugués, o tipo de medidas e estudos postos en marcha ou

previstos ao respecto e a súa opinión en relación co seu impacto no nivel de concentración bancaria en Galicia, nos clientes, nas persoas usuarias de servizos financeiros e no emprego, así como as actuacións que vai levar a cabo para intervir nesta situación

- 41120 (10/PRE-012083)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para pechar a residencia de persoas maiores Valle-Inclán, no concello de Vilanova de Arousa, as alternativas que se lles vai ofrecer ás persoas usuarias e as actuacións previstas para evitar a perda dos actuais postos de traballo

- 41132 (10/PRE-012084)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para evitar a destrución dos postos de traballo e a desaparición das oficinas do Banco Caixa Geral portugués en Galicia, así como a perda de servizos e o incremento da concentración bancaria, como consecuencia da merca desa entidade por Abanca

- 41136 (10/PRE-012085)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a adxudicación do servizo de comedor do IES Aquis Querquernis de Bande, a realización dalgunha avaliación da calidade da súa prestación e o seu coñecemento das deficiencias detectadas, así como os mecanismos que posúe para detectar posibles incumprimentos de carácter nutricional nos menús

### 1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

### Admisión a trámite e publicación

- 40820 (10/PDC-000029)
Pregunta de iniciativa popular sobre o coñecemento por parte da Consellería de Sanidade do inicio de xestións por parte da empresa titular do tanatorio de Lousame para a autorización da instalación dun forno crematorio en Portobravo, a súa opinión ao respecto e as súas razóns para non atender a solicitude de información pública en relación cos expedientes de declaración responsable para o inicio ou a variación da actividade nese tanatorio

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como preguntas de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento

de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do rexistro electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción dende as 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial* da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro ou primeira que o solicite.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

## 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

### 2.2.6. Composición da Mesa das comisións

### Elección membros da Mesa

**Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 30 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

- 36752 (10/CEEM-000041)
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Elección de secretario/a da Comisión

Secretaria: dona Flora María Miranda Pena, do G. P. de En Marea

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

**Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, na súa sesión do 30 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

- (10/CEEM-000040)
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG Elección de secretario/a da Comisión
Elección de secretario/a da Comisión

María de los Ángeles Cuña Bóveda (EM)

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Unha vez publicado o Real decreto 907/2013, do 22 de novembro, polo que se establece o título de técnico en Emerxencias e Protección Civil e se fixan as súas ensinanzas mínimas, a Xunta de Galicia, mediante Decreto 21/2017, do 2 de febreiro, estableceu no ámbito educativo da nosa Comunidade o correspondente currículo deste ciclo formativo de grao medio, sinalando que este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

A competencia xeral do título de técnico en Emerxencias e Protección Civil consiste en intervir operativamente, cumprindo coas normas de seguridade en emerxencias provocadas por sucesos ou catástrofes orixinadas por riscos diversos (naturais, antrópicos e tecnolóxicos), en áreas tanto rurais e forestais como urbanas, realizando as actividades de control, mitigación e extinción dos axentes causantes deses sucesos (lume, enchentes de auga, substancias NBQ, etc.), o rescate, o salvamento e a atención como primeiro interveniente das persoas afectadas e a rehabilitación de emerxencia das zonas ou bens abranguidos, mantendo operativos os vehículos, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas de intervención, así como organizar os equipos e as unidades baixo a súa responsabilidade, e contribuír a divulgar e cumprir os principios e as normas de protección civil, aplicando a normativa vixente en materia de inspección e plans de autoprotección de edificios e instalacións industriais.

O ámbito profesional, identificado no artigo 7 do dito Decreto 21/2017, das persoas que obteñen o título de técnico en Emerxencias e Protección Civil é exerceren a súa actividade no sector de servizos de prevención e extinción de incendios forestais e apoio en continxencias do medio natural e rural e Protección Civil, así como nos servizos públicos estatais, autonómicos e locais de atención de emerxencias e os corpos de bombeiros/as, desenvolvendo a súa actividade como traballador ou traballadora dependente das administracións públicas ou en empresas privadas dedicadas a traballos agroforestais e ambientais, en servizos de bombeiros/as dedicados á prevención de incendios e mantemento, e en

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

sectores industriais dedicados á produción, á distribución, á fabricación e ao almacenamento de produtos e substancias perigosas, e poden exercer accións de colaboración internacional.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables que indica o currículo desta titulación son os seguintes:

– Capataz ou encargado/a de extinción de incendios forestais.

– Bombeiro/a forestal.

– Vixilante de incendios forestais.

– Bombeiro/a de servizos municipais, provinciais, mancomunados, consorciados ou autonómicos.

– Bombeiro/a doutros servizos en entes públicos.

– Técnico/a en emerxencias das Forzas Armadas.

– Bombeiro/a de aeroportos.

– Bombeiro/a de empresa privada.

O campo de traballo do sector caracterízase por contar cun elevado número de servizos destinados a operar no campo das emerxencias. A súa natureza é moi diversa e hoxe hai máis de 135 servizos en toda España no ámbito da intervención urbana e rural (bombeiros/as profesionais pertencentes ás administracións local e autonómica, e a consorcios ou axencias). Ademais, máis de 20 empresas son subcontratadas polas administracións autonómicas para a intervención no ámbito forestal, e existe un servizo nacional de actuación en aeroportos, empresas especializadas de servizos en polígonos petroquímicos, centrais nucleares e outros tipos, así como a Unidade Militar de Emerxencias. En total, o abano descrito de profesionais supera actualmente os/as 30.000, sen incluír aquí os servizos prestados polas agrupacións municipais e autonómicas de voluntariado (estimado en máis de 10.000 persoas). O maior volume do total de profesionais presta servizos en condición de funcionario/a dalgunha destas administracións, aínda que un bo número o fai como persoal laboral da Administración (en AENA, consorcios e empresas públicas), e outro groso confórmao todo o persoal contratado polas empresas que interveñen na prevención e na extinción de incendios forestais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40783
Data envío: 22/11/2018 18:33:15.489

O incremento de campos de intervención e de empresas e organizacións que participan no ámbito da protección civil exixe unha unificación de criterios arredor da formación básica necesaria para a formación profesional experta de todas as persoas que traballan ou interveñen no sector, cunha mellor preparación no ámbito da seguridade durante as intervencións ou nas novas técnicas requiridas polos novos sectores de intervención que se citaron anteriormente.

Como indica o propio Decreto 21/2017, dado que a maior parte deste sector se concentra en institucións e administracións públicas, é unha obriga destas favorecer a creación dunha formación que garanta a mellor capacitación posible a través da formación profesional.

Por iso, cómpre que a Administración autonómica de Galicia habilite os mecanismos necesarios para promover e facilitar a inserción e incorporación profesional dos novos técnicos en Emerxencias e Protección Civil. Estas medidas, ademais de completar o ciclo formación-inserción na nosa nova formación profesional, contribuirán a reforzar a profesionalización dos distintos dispositivos que interveñen nas distintas fases das emerxencias en Galicia.

A implantación deste importante novo ciclo formativo arrancou no curso 2015/2016 para o primeiro curso e no 2016/2017 para o segundo, cunha carga lectiva total de 2.000 horas.

Polo exposto os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que medidas ten adoptado ou ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para facilitar a incorporación dos novos titulados como técnicos en Emerxencias e Protección Civil nos distintos dispositivos de emerxencias dependentes da Administración autonómica e nos dispositivos da Administración local galega cofinanciados pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/11/2018 18:08:38**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2018 18:08:51**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/11/2018 18:09:03**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2018 18:09:08**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 22/11/2018 18:09:15**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 10:56
Nº Rexistro: 40791
Data envío: 23/11/2018 10:56:22.901

**Á Mesa do Parlamento**

**Concepción Burgo López, José Manuel Pérez Seco** e **Luis Álvarez Martínez,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito.**

O Foro do Camiño Primitivo, conformado por 30 asociacións, investigadores e entidades defensoras dos Camiños de Santiago, vén de denunciar a destrución completa da identidade tradicional e do valor patrimonial da Vía primitiva entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, no municipio de Fonsagrada.

Segundo denuncia, as obras de “acondicionamento” que se levaron a cabo supuxeron a alteración irreparable deste treito, xa que para a realización das mesmas foi utilizado todo tipo de maquinaria pesada, procedéndose á urbanización da calzada antiga, agora en parte sepultada con cemento, así como ao nivelado da rasante do terreo, uniformización de todo o itinerario, realización de novos perfilados, cimentación de sumidoiros, recheo con grosas capas de xabres, gravas e outros materiais.

Non é a primeira vez que os integrantes do Foro do Camiño Primitivo denuncian obras inadecuadas no Camiño Norte e Primitivo, e a principios deste mes entregaron un informe ante ICOMOS-España con nova información sobre as últimas actuacións realizadas que consideran “atentatorias contra a identidade histórica, cultural e paisaxística do camiño..”

Da mesma maneira, a Fraternidad Internacional del Camino de Santiago (FICS), denunciou as obras realizadas en tramos do Camiño Francés en Sarria e Paradela, onde utilizouse zahorra artificial e cemento producindo unha destrución ou alteración grave dos elementos tradicionais como os pasos de inverno de Peruscallo. Así, nos tramos de As Rozas-Moimentos e Ferreiros, en Paradela, pavimentouse con cemento varias corredoiras tradicionais do Camiño.

A FICS considera que estas intervencións poden supoñer nalgúns casos, infraccións a lei do patrimonio cultural de Galicia polo que pide a súa reversión, ademais de ver nestas actuacións unha política de alteración dos itinerarios históricos, buscando unha uniformidade que os converte nunha pista forestal, rompendo e destruíndo a traza milenaria e alterando todos os elementos tradicionais.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Para moitos especialistas, deixar de utilizar para o acondicionamento dos camiños, métodos máis pretos aos tradicionais e cambialos por zahorra e cemento, é indicativo da vontade de crear un novo camiño, afastado da súa realidade e concepción tradicional, para dar resposta a un turismo de masas.

Polo exposto, a deputado a deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Como valora o Goberno as denuncias do Foro do Camiño Primitivo e da Fraternidad Internacional del Camino de Santiago, sobre as obras realizadas en tramos dos Camiños nos concellos de Fonsagrada, Sarria e Paradela?

2.ª) Que accións concretas se realizaron nestes tramos do Camiño?

3.ª) Quen planificou, dirixiu e supervisou estas obras? A Axencia de Turismo? Patrimonio? A Sociedade do Xacobeo?

4.ª) Todas estas obras realizadas teñen permiso da Dirección Xeral de Patrimonio?

5.ª) Verificou estas denuncias a Dirección Xeral de Patrimonio?

4.ª) Estase a utilizar zahorra e cemento nas obras de acondicionamento dos tramos tradicionais dos camiños? Considera a Dirección Xeral de Patrimonio axeitados estes métodos?

5.ª) Como valora as consecuencias sobre os tramos tradicionais dos Camiños a utilización destes métodos?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2018

Asdo.: Concepción Burgo López
José Manuel Pérez Seco
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 23/11/2018 10:53:45**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/11/2018 10:53:54**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 10:56
Nº Rexistro: 40791
Data envío: 23/11/2018 10:56:22.901

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2018 10:54:03**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 13:24
Nº Rexistro: 40802
Data envío: 23/11/2018 13:24:16.885

**Á Mesa do Parlamento**

**Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Patricia Otero Rodríguez e José Manuel Pérez Seco,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

As cidadás e os cidadáns de Galicia somos plenamente conscientes que os tendidos eléctricos en moitas comarcas e parroquias dos nosos concellos teñen un mantemento moi baixo e necesitan dunha urxente renovación, xa que os cortes de subministro eléctrico son moi habituais.

É imprescindible que as compañías enerxéticas, que historicamente teñen uns beneficios millonarios, desenvolvan plans de mellora das instalacións eléctricas do conxunto do país, especialmente no medio rural, acometendo a construción ou renovación das infraestruturas necesarias para evitar estas situacións de caída do subministro eléctrico.

Ao mesmo tempo, os servizos de consumo da Xunta de Galicia deberían abrir expedientes de oficio as compañías subministradoras de electricidade para establecer as correspondentes responsabilidades de cara o establecemento das indemnizacións ás persoas usuarias, como acontece noutros servizos públicos.

Un claro exemplo desta problemática é o caso das continuas avarías eléctricas no polígono industrial de Os Acivros no concello de Chantada; que afectan en moitos casos de maneira importante á actividade produtiva, como teñen denunciado dende a Asociación de Empresarios do mesmo, que xa leva tempo reclamando solucións axeitadas as empresas e a administración.

Un problema que vén de lonxe; xa que o polígono está operativo dende fai máis de 30 anos e mesmo ampliouse no ano 2013; pero os problemas no subministro eléctrico persistiron, con micro-cortes e baixadas de tensión continuas, que supoñen importantes atrancos e un incremento de gastos para as empresas.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 13:24
Nº Rexistro: 40802
Data envío: 23/11/2018 13:24:16.885

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia dos problemas existentes na calidade do subministro de enerxía eléctrica en moitos lugares de Galicia?

2. É consciente de que en moitos casos, estes fallos no subministro prodúcense de maneira reiterada, afectando a calidade de vida dos cidadáns e o normal desenvolvemento da actividade económica?

3. Coñecen concretamente os problemas que se levan producindo dende hai anos no polígono industrial de Os Acivros no concello de Chantada?

4. Teñen previsto desenvolver e potenciar, xunto coas compañías subministradoras, un plan de mantemento e mellora das liñas eléctricas nos ámbitos rurais de Galicia?

5. Teñen procedido a apertura de expedientes as compañías subministradoras para facilitar que as e os usuarios podan reclamar as compensacións pola ausencia de subministro?

6. Que teñen pensado facer en relación cos problemas de subministro que se teñen producido no polígono industrial de Os Acivros no concello de Chantada?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Patricia Otero Rodríguez
José Manuel Pérez Seco
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 13:24
Nº Rexistro: 40802
Data envío: 23/11/2018 13:24:16.885

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/11/2018 13:22:51**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2018 13:22:57**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 23/11/2018 13:23:02**

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2018 13:23:06**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/11/2018 13:23:12**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40810
Data envío: 23/11/2018 16:16:24.355

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O edificio da lonxa vella de Camariñas que actualmente está baleiro e tapiado, localízase nun dos peiraos do porto da vila. Actualmente mantén a titularidade de Portos de Galicia, a pesar que desde o Goberno local xa se ten solicitado a súa transferencia. Esta solicitude obedece en parte ao seguinte: o edificio xa non ten uso portuario, está integrado na vila e ademais é o Concello o que asume o seu mantemento e limpeza.  É necesario dotar o edificio de vida e recuperalo  para que teña unha utilidade práctica en beneficio da veciñanza de vila.

O concello xa ten solicitado a transferencia da titularidade pero, a día de hoxe, non ten resposta por parte do Goberno, o cal fai preciso coñecer cales son as súas previsións  con relación a esta cuestión. Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego a situación na que se atopa o edificio da antiga lonxa de Camariñas?

2ª) Vai levar a cabo algunha xestión para dotala de utilidade?

3ª) Vai transferir a titularidade da lonxa vella ao Concello tal e como ten solicitado a Portos de Galicia, actual titular dela, se é o caso, cando?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**María Dolores Toja Suárez na data 23/11/2018 16:06:33**

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2018 16:06:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2018 16:06:53**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2018 10:00
Nº Rexistro: 40816
Data envío: 23/11/2018 18:39:01.590

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para iso é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores.

Galicia rexistrou o ano pasado 30.845 accidentes laborais con baixa, dos que 49 foron mortais (3 en itinerario e 43 en xornada de traballo). Estas cifras deixan un índice de incidencia de 5,48 falecementos por cada 100.000 traballadores, moi por riba da media nacional, que foi de 3,20 profesionais mortos por cada 100.000 asalariados.

Así, en 2017, os accidentes con baixa laboral aumentaron un 9,18 % respecto ao ano anterior, aumentando máis que a ocupación e a creación de emprego.

O 20,19 % dos sinistros laborais con baixa na comunidade galega en 2017 tiveron como protagonistas a persoas que levaban menos de tres meses nese emprego, unha porcentaxe moi elevada en relación coa poboación asalariada exposta a esa situación.

O Grupo Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que, inevitablemente, están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Fronte a isto, desde a Xunta de Galicia vén producindo ao longo destes derradeiros anos, unha redución constante dos orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), a favor da seguridade e saúde no traballo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2018 10:00
Nº Rexistro: 40816
Data envío: 23/11/2018 18:39:01.590

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten pensado o Goberno galego potenciar a posta en marcha da Estratexia galega de seguridade e saúde laboral, se é o caso, en que prazo e con que medidas?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2018 18:29:45**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/11/2018 18:29:54**

**Julio Torrado Quintela na data 23/11/2018 18:30:00**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 40852
Data envío: 26/11/2018 16:55:57.830

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, **Eva Solla Fernández**, **Flora María Miranda Pena** e **Luís Villares Naveira**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

Ata este luns, 26 de novembro de 2018, o Concello de Carballedo (Lugo), con 2.266 habitantes, o 40% por riba de 65 anos, contaba cun centro de saúde, na localidade da Barrela, e co consultorio de Castro.

A partires de agora, a actividade asistencial neste concello vai concentrarse na Barrela. Aínda que as dúas localidades distan entre si só uns 2,7 km, trátase dos dous núcleos de concentración de poboación dun Concello moi envellecido e con poucas alternativas de transporte, nun contexto de baixas pensións.

Até o de agora, había tres profesionais de Medicina de Familia no Concello, pasando, coa recente xubilación dun deles, a contar con dous profesionais, que se reparten así o cupo de tarxetas, a razón dunhas 850 por profesional. Aínda sendo unha rateo que non excede o recomendado, hai que ter en conta que o Concello ten unha poboación moi envellecida, con máis patoloxías crónicas.

Carballedo súmase á oleada de recortes sanitarios no medio rural, o que vai acentuar, con esta perda de servizos, a recesión demográfica de moitos concellos, como é o caso.

Por outra parte, dende En Marea non entendemos o proceder da Xunta, que acomete a reorganización sanitaria en Carballedo sen contar coa cidadanía. A asociación veciñal de Castro de Carballedo ten denunciado que coñecía os plans do Sergas por terceiras persoas e que os cambios se terian axilizado logo das mobilizacións veciñais para recollida de sinaturas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 16:55
Nº Rexistro: 40852
Data envío: 26/11/2018 16:55:57.830



O SERGAS indica que se van implantar “novas formas de asistencia sanitaria”, como a atención a domicilio a pacientes crónicos. A estratexia de cronicidade presentada polo SERGAS non é máis que “vender” o que as profesionais da Atención Primaria levan facendo dende sempre. O que verdadeiramente precisa a Atención Primaria son máis medios humanos e estruturas de xestión propias, para poder atender con calidade e tempo a todas e todos os pacientes, tamén para ter máis tempo para a atención a domicilio. Dende En Marea tamén defendemos incluír  en todo o territorio a figura do Traballador/a Social sanitario (algo no que a provincia de Lugo é moi deficitaria) e a saúde mental na Atención Primaria. Deste xeito, reforzando a Atención Primaria, atenderíamos as necesidades sociais, melloraríamos a saúde da poboación, pois tamén se faría máis prevención, e resolveríamos na proximidade patoloxías que non terían que derivar á Atención Especializada.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Cando decidiu a Xunta a reorganización sanitaria en Carballedo?
2. Como, cando e a que organismos e persoas o comunicou?
3. Por que diminúe a Xunta o número de profesionais de Medicina de Familia no Concello de Carballedo?
4. Como vai garantir a Xunta unha mellor asistencia sanitaria á cronicidade con menos profesionais sanitarios nun concello envellecido?
5. Por que non mantén a Xunta o consultorio de Castro de Carballedo?
6. Non considera a Xunta que o peche do consultorio de Castro empeora a accesibilidade da poboación envellecida rural á Atención Primaria?

7. Que "novas formas de asistencia sanitaria" vai implantar a Xunta en Carballedo?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Eva Solla Fernández
Flora Miranda Pena
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 26/11/2018 16:50:19**

**Luis Villares Naveira na data 26/11/2018 16:50:29**

**Eva Solla Fernández na data 26/11/2018 16:50:38**

**Flora María Miranda Pena na data 26/11/2018 16:50:46**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 16:58
Nº Rexistro: 40854
Data envío: 26/11/2018 16:58:08.582

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O proxecto de reapertura da mina de Touro presentado por Cobre San Rafael S.L. contempla entre os seus múltiples efectos, un especialmente grave como é a eliminación de tódalas captacións de auga ubicadas na zona afectada que abastecen fogares e explotacións gandeiras dos núcleos de Arinteiro, Os Torreis e A Goleta no concello de Touro e aos de Castelo, A Quintá e Angumil no concello de O Pino, ademais de varias captacións que abastecen a traída municipal do concello de Touro.

Nos documentos de actualización que presenta a empresa confírmanse estas afeccións e en concreto detalla 11 captacións que desaparecerán, ao quedar sepultadas nas entulleiras e nas cortas (inclúe só as máis importantes aínda que o número afectado será maior), e calcula que o caudal que se eliminará será, considerando só estas once captacións, de 150m3/día no concello de Touro e outros 150m3/día no concello de O Pino.

Como solución a esta desaparición a empresa propón que sexa a rede municipal, tanto de Touro como de O Pino, a que subministre a auga aos fogares e explotacións que quedaran sen ela se se produce a apertura da mina. Con esta alternativa proposta

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola empresa, serán os concellos afectados os que terán que resolver o problema causado por este proxecto.

No concello de Touro coincide a captación da traída municipal e a proposta para o proxecto mineiro no mesmo punto do río Lañas. Dado o alto consumo de auga que requiren este proxecto mineiro (2,35 hm3/ano, 6.438 m3/día) esta situación vai provocar un serio problema de abastecemento en épocas de seca no concello de Touro. Debemos recordar que no verán de 2017 xa houbo un problema de subministro polo baixo caudal do río Lañas, polo que de repetirse esta situación coa explotación en funcionamento, o problema será moito maior e o risco de que a traída municipal non poida abastecer o consumo doméstico é máis que probable.

Por outra banda as analíticas destas captacións que presenta a empresa no proxecto de actualización (realizadas en marzo, abril e Xullo de 2018) mostran uns resultados moi inquietantes. Un Ph lixeiramente ácido en tódalas mostras, por debaixo do límite de 6,5 que establece o RD 140/2003, presenza de coliformes (o RD 140/2003 establece que debe ser cero para que as augas sexan consumibles) e de nitritos e amonio por riba dos límites que marca a directiva 2006/44/CE en todas as mostras, así como de metais pesados (Cu, Zn, Hg, Fe, Mn, Al) en algunhas delas. Estamos por tanto, de confirmarse, ante un problema de saúde pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1) Vai permitir Augas de Galicia a eliminación de todas estas captacións de auga para consumo humano?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 16:58
Nº Rexistro: 40854
Data envio: 26/11/2018 16:58:08.582

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2) Coñecía Augas de Galicia o estado destas augas? Ten previsto facer analíticas das mesmas á vista destes resultados para confirmar ou descartar esta contaminación?

3) Realizou Augas de Galicia algún estudo da orixe desta contaminación?

4) Ten pensado facer algunha investigación para analizar as causas do estado destas augas e que relación pode gardar coa anterior actividade mineira (en canto a presenza de metais pesados) e co depósito de grandes cantidades de residuos con restos orgánicos e tecnosolos (en canto a presenza de coliformes) por diferentes lugares e cortas da mina?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 26/11/2018 16:57:26**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/11/2018 16:57:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/11/2018 16:57:34**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/11/2018 16:57:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/11/2018 16:57:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/11/2018 16:57:38**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 11:15:33
Nº Rexistro: 40873
Data envío: 27/11/2018 11:15:33.363

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da nesperiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

A solta do torymus sinensis desta primavera rondou os case 800.000individuos, pero estas soltas efectuáronse cun inexplicable secretismo e sen normas de comportamento para os agricultores e xentes que teñen na castaña un medio de vida único ou complementario. Non houbo notificacións das zonas onde se ceiba este bichiño nin instrucións ó respecto para os propietarios de soutos consolidados ou novas plantacións.

Noutras Comunidades Autónomas onde se realizaron soltas de Toryimus si hai divulgación de como facer para non interferir no desenvolvemento do individuo e favorece-la súa expansión e eficacia.

Para esta primavera pasada prometéranse 1,6 millóns de individuos para ceibar e resulta que ó final foron so a metade desa cifra.

CSV: REXISTRO-P1haJroEj-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 11:15:33
Nº Rexistro: 40873
Data envío: 27/11/2018 11:15:33.363

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é a razón pola que non se divulgou no seu momento en que zonas xeográficas se ían facer soltas de torymus sinensis?

-Non cree a Consellería de M. Rural na conveniencia de organizar charlas e fornecer de material divulgativo a aqueles propietarios de soutos e novas plantacións de castiñeiros co obxecto de non entorpece-la instalación de poboacións do predador da nesperiña?

-Cal é a incidencia, ás luces da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da nesperiña e a onde chegou a súa expansión este último ano?

-Cales son as previsións iniciais de encomenda de individuos torymus sinensis para o ano próximo vista a expansión en áreas xeográficas e en intensidades?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: REXISTRO-P1haJroEj-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 11:15:33
Nº Rexistro: 40873
Data envio: 27/11/2018 11:15:33.363

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 11:11:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 11:11:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 11:11:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 11:11:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 11:12:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 11:12:01**

CSV: REXISTRO-P1haJroEj-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:25:18
Nº Rexistro: 40883
Data envío: 27/11/2018 12:25:18.715

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez** e **Patricia Otero Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A existencia de erros da interpretación normativa sobre a determinación da existencia de mal tempo para faenar na extracción do percebe motivou á Xunta de Galicia a advertir e impoñer sancións a percebeiros que, ante determinadas circunstancias, estimaban a existencia deste mal tempo para non poder saír a faenar a flote.

Esta decisión ten unha gran relevancia, pois ao existir ese mal tempo, as e os percebeiros poden saír a faenar a pé no caso de que así o permita o Plan de explotación da confraría. Non entanto esta situación foi sancionada pola Xunta de Galicia, dende o ano 2017, e utilizada como ferramenta de presión sobre as e os traballadores do mar, nomeadamente as e os percebeiros.

Esta conflitividade iniciada e alimentada pola Xunta de Galicia, particularmente pola Consellería do Mar, vén de recibir unha corrección xudicial. O Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo vén de emitir unha sentencia que dá a razón a un traballador que recorreu a sanción que a Xunta lle impuxo por este motivo citado. A resolución xudicial (que xa é firme) indica que a consideración do mal tempo recaía no traballador, e que a Xunta non pode sancionar polo motivo que o fixo (non ter permiso para faenar a pé) porque a consideración da situación así o permitía.

Esta situación foi formulada no Parlamento de Galicia en diversas ocasións polo Grupo Parlamentario Socialista, advertindo de que se resolvería no sentido que así foi agora, e solicitando da Consellería do Mar que apuntase a unha solución mediada e de acordo sobre as consideracións normativas, pero que non podían invadir as competencias que non tiñan.

CSV: REXISTRO-11zeGZzXm-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a sentencia é suficiente para reconsiderar a súa postura sobre as sancións emitidas a traballadores da extracción do percebe?

2. Cre a Xunta de Galicia que pode entenderse como aceptable manter durante un ano a traballadoras e traballadores baixo presión e sancións inxustas emitidas pola propia Xunta de Galicia?

3. Ten a intención a Xunta de Galicia de modificar a súa consideración sobre os conflitos aparecidos en determinadas confrarías e de defender o dereito dos/as traballadores/as na extracción do percebe a faenar?

4. Considera a Xunta de Galicia necesario reformular os baremos e criterios para a determinación da consideración do mal tempo? En que sentido?

5. Debe a Xunta de Galicia pagar costas por perder o citado xuízo? A canto ascenden?

6. Cantas sancións foron emitidas pola Xunta de Galicia no mesmo sentido? Cantas delas foron recorridas ante a xustiza? Que previsión ten a Xunta de Galicia sobre o resultado dos xuízos?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/11/2018 11:39:17**

CSV: REXISTRO-11zeGZzXm-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**María Dolores Toja Suárez na data 27/11/2018 11:39:23**

**Patricia Otero Rodríguez na data 27/11/2018 11:39:30**

CSV: REXISTRO-11zeGZzXm-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez** e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

En febreiro de 2013, varios eurodeputados viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. Así, as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo ou Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Así que logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que *erosiona a credibilidade do* país, resta recursos que se poderían dedicar a mellorar a calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten a ver coa herdanza que deixou a anterior Goberno do PP e coa nefasta xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais. E a cuestión está en que o Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións.

E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, para os que o Goberno do Estado vai elaborar o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (dous terzos desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e un terzo ao Estado e aos concellos).

CSV: REXISTRO-PmoVAm1s9-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:27:17
Nº Rexistro: 40887
Data envío: 27/11/2018 12:27:17.933

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego eficaz a súa política en materia de depuración e saneamento?
2. Que cantidade debe pagar Galicia como responsable do incumprimento da normativa sobre tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira?
3. Como vai o procedemento aberto a España pola UE por infracción en materia de saneamento e depuración no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu?
4. Que medidas inmediatas vai tomar o Goberno con relación a este eixo?
5. Con que cantidades pensa facer fronte o Goberno á sanción xa imposta e ao procedemento aberto pola mala depuración nese eixo?
6. Está a colaborar Galicia co Estado na elaboración do Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/11/2018 10:59:27**

CSV: REXISTRO-PmoVAm1s9-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/11/2018 10:59:33**

**María Luisa Pierres López na data 27/11/2018 10:59:38**

CSV: REXISTRO-PmoVAm1s9-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:28:59
Nº Rexistro: 40890
Data envío: 27/11/2018 12:28:59.170

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Mosteiro de San Clodio na provincia de Ourense, declarouse xunto á ponte do mesmo nome, Monumento Histórico Artístico Nacional en 1931. A súa orixe non está totalmente claro, algunhas fontes sitúano no século VI, para outros estudosos, como Sandoval e Yepes, foi fundado no ano 928. Nun primeiro momento estivo a disposición dos monxes negros da orde de San Benito, quen o converteu nun núcleo agrícola próspero. Dende el introduciuse o cultivo da vide nesta zona. A partir de 1225 ata a exclaustración foi cisterciense, e novamente beneditino desde finais do século XIX.

Na fachada monasterial pódese vela cruz de Caravaca coñecida como "Divina Reliquia", venerada polos aldeáns e aldeás para librar ás vides da saraiba.

A igrexa do mosteiro, que leva o nome de Santa María, é de estilo gótico e conta con tres ábsidas en correspondencia coas naves. A imaxe da virxe ocupa o retablo maior rodeada de santos e santas das ordes que nalgún momento ocuparon o mosteiro. É reseñable a fachada barroca do antigo palacio abacial. Hoxe o antigo mosteiro, tras un proceso de restauración, foi convertido en hotel.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo, inverteu 1,2 millóns de euros en rehabilitar e acondicionar unha nave do mosteiro e reconvertela no primeiro spa de viñoterapia de Galicia. A superficie útil é de case 500 metros cadrados divididos en dúas plantas, con sauna, baño turco, ducha de contraste, salas de masaxes, vestiarios, ascensor e unha piscina de 56 metros cadrados. No mes de xullo deste ano cedía as instalacións á explotación privada, mediante concesión por un prazo de 6 anos, a razón dun canon anual de 3.600 euros (sen IVE). Soamente se presentou ao concurso unha empresa, o Hotel San Clodio, que é a adxudicataria deste servizo que inclúe todas as actividades relacionadas coa xestión, explotación e mantemento das instalacións acondicionadas, cun prazo de concesión comprendido ata finais do ano 2024.

A pesares de que as instalacións se puxeron en marcha de maneira oficial no mes de agosto, o Grupo Parlamentario Socialista tivo coñecemento de que leva

CSV: REXISTRO-JsGJ6iY7-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pechado ao público, en teoría "por melloras nas instalacións" dende hai máis de dous meses.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os motivos polos que o spa de viñoterapia situado no Mosteiro de San Clodio, na comarca do Ribeiro (Ourense), cuxa reforma e equipamento a financiou a Xunta de Galicia, permanece pechado na actualidade?
2. Que valoración fai o Goberno galego de que tan so dous meses despois da súa posta en marcha, xa estea pechado, segundo consta nun cartaz colocado na propia porta do centro, "por melloras nas instalacións"?
3. Cales foron as melloras nas instalacións que se levaron a cabo?
4. Financiou a Xunta de Galicia algunha desas melloras que supostamente se realizaron?
5. En caso afirmativo, cal foi o seu investimento?
6. A cantas persoas atendeu, dende a súa posta en marcha ata o de agora, este spa?
7. Considera a Xunta de Galicia que a apertura deste centro, vai repercutir no incremento de turismo na comarca do Ribeiro?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/11/2018 11:31:19**

**Raúl Fernández Fernández na data 27/11/2018 11:31:25**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/11/2018 11:31:31**

CSV: REXISTRO-iJsGJ6iY7-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:28:59
Nº Rexistro: 40890
Data envio: 27/11/2018 12:28:59.170

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/11/2018 11:31:36**

CSV: REXISTRO-JsGJ6iY7-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:34:28
Nº Rexistro: 40894
Data envio: 27/11/2018 12:34:28.534

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Nos pasados días asistimos a unha campaña de acoso e intimidación mediática e institucional contra o Centro Galego de Bruxelas por alugar o espazo cultural *La Tentation* para a celebración o próximo 8 de decembro do festival **12 horas per la Llibertat**, en solidariedade coas persoas presas e exiliadas políticas catalás. O máis grave do caso é que na polémica interveu o mesmo presidente da Xunta, que chegou a expresar publicamente a súa "disconformidade, desgusto e rexeitamento" polo feito de alugar un centro galego para "unha actividade que supuña ir contra o ordenamento xurídico de Galicia".

Estamos diante dun debate que pon de manifesto graves carencias do réxime político español. É en primeiro termo un debate sobre os límites da democracia e da liberdade, e sobre a interpretación regresiva e autoritaria que fai o Estado español dos dereitos fundamentais, perseguindo penalmente a disidencia e o pluralismo político. Nesta cuestión xa interveu reiteradamente nos últimos tempos o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que condenou a España por non respectar os principios máis básicos dunha democracia. E tamén se pronunciaron diversos tribunais de xustiza europeos, que puxeron de relevo que España máis que un "Estado de dereito" é un "Estado de excepción" ao encarcerar e solicitar elevadas penas de prisión por delitos ficticios de



CSV: REXISTRO-ea0Zz8AFV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:34:28
Nº Rexistro: 40894
Data envio: 27/11/2018 12:34:28.534

BNG BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rebelión e sedición para persoas como os dirixentes do "Procès" que defenderon de maneira pacífica os seus ideais.

O que subxace nesta controversia arredor do festival **12 horas per la Llibertat** é a pretensión absurda das institucións españolas de estender a súa xurisdición máis alá dos Pireneos, obviando que Bélxica é un estado soberano, que respecta as liberdades e o pluralismo, e que ten un sistema xudicial con moita máis calidade democrática cá reaccionaria e intervida administración de xustiza española.

E en último termo, o que rebela este debate é a tentativa fallida da Xunta de Galiza e do seu Presidente de dirixir, controlar e condicionar a actividade dos centros da diáspora galega, utilizando para tal fin toda clase de medios, mesmo a chantaxe e a intimidación.

Mais no caso do Centro Galego de Bruxelas picaron en óso pois na xuntanza da directiva do pasado 19 de novembro acordaron, malia as presións de todo tipo recibidas, que "tanto os exilados políticos como o rapeiro *Valtonyc* poderán actuar nos locais de *La Tentation* amparándose no principio de liberdade de expresión democrática".

Foi unha decisión valente, que cómpre celebrar porque acenos coma este nos engrandecen como pobo. Foi un acto exemplar, que está á altura deste marabilloso proxecto cultural xerado en Bruxelas pola colectividade galega ao longo dos últimos 20 anos. Un proxecto que fala de renovación xeracional, de diálogo intercultural en pé de igualdade, de amplitude de miras, e, en definitiva, das arelas dunha Galiza emigrante afastada dos tópicos e das mixtificacións.

Por todo isto formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV: REXISTRO-ea0Zz8AFV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 12:34:28
Nº Rexistro: 40894
Data envío: 27/11/2018 12:34:28.534

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para impedir o concerto 24 horas por la Llibertat nas instalacións do Centro Galego de Bruxelas?

Considera que as presións da Xunta de Galiza á directiva do Centro galego de Bruxelas son acordes cos principios dun estado democrático?

Ten intención a Xunta de Galiza de adoptar algunha decisión en relación coa súa colaboración  co Centro Galego de Bruxelas, como concecuencia da cesión das súas instalacións para a organización dun evento de apoio a persoas perseguidas pola xustiza española e que están amparadas pola xustiza belga?

Comparte a Xunta de Galiza a idea de que o Centro galego de Bruxelas é un exemplo para a diáspora galega no que ten que ver co desenvolvemento dun proxecto incardinado na realidade cultural belga, innovador, integrador e en permanente diálogo con outras culturas?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-ea0Zz8AFV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 12:33:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 12:33:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 12:33:27**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 12:33:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 12:33:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 12:33:32**



CSV: REXISTRO-ea0Zz8AFV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 13:03:23
Nº Rexistro: 40901
Data envio: 27/11/2018 13:03:23.888

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## A MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez** e **Antón Sánchez Garcia,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita,** sobre a xestións dos residuos gandeiros na comarca de A Limia.

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas a produción de porcino e avícola . Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, NON AMPARA EN ABSOLUTO as prácticas que de forma rutinaria e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medioambiente e a saúde humana :

• Proceso de eutrofia acusada no Encoro das Conchas,

• Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.

• Afección irreversible o encoro de Faramontaus ( presa de Gudín ) non sendo apta na actualidade para abastecemento…

• Empobrecemento da biodiversidade.

• Degradación paisaxística da comarca

• Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).

CSV: REXISTRO-OOKYVbmQA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 13:03:23
Nº Rexistro: 40901
Data envio: 27/11/2018 13:03:23.888

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008 do 3 de novembro establece que quedan fora do seu ámbito de aplicación: Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.

Esta exclusión non ampara as aplicación incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato ( toxo e xestas ) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fora de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre ( sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Que medidas ten pensado aplicar a Xunta de Galicia na Comarca da Limia para reverter esta insostible situación?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-OOKYVbmQA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 13:03:23
Nº Rexistro: 40901
Data envio: 27/11/2018 13:03:23.888

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**David Rodríguez Estévez na data 27/11/2018 13:01:19**

**Antón Sánchez García na data 27/11/2018 13:01:23**

CSV: REXISTRO-OOKYVbmQA-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:16:58
Nº Rexistro: 40943
Data envío: 27/11/2018 17:16:58.296

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A incapacitación de adultos require dunha orde xudicial que establece unha tutela da persoa a cargo doutra, familiares na maioría dos casos, ou dalgunha institución. En Galicia a Fundación Galega para a Tutela de Adultos (Funga), dependente da Xunta de Galicia, é o ente encargado na actualidade de tutelar a preto de 3.500 persoas adultas, encomendadas polos xuíces e xuízas por considerar que esa era a mellor opción.

Segundo consta na próxima páxina web da Consellería de Política Social, a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas é unha entidade pública constituída pola Xunta de Galicia, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego e co seu patrimonio afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se conteñen no artigo 6 dos seus Estatutos. Ten carácter permanente, duración indefinida, e o seu ámbito territorial principal de actuación é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Funga naceu no ano 1996 co nome de Fundación Galega para a Tutela de Adultos, ante a necesidade de prestar unha atención persoal e xurídica especializada ás persoas maiores de idade con capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento de modificación da capacidade de obrar, e das que os xuíces atribúen á Xunta de Galicia a súa protección mediante as figuras xurídicas da tutela, curatela, defensa xudicial, ou administración de bens.

Recentemente o Fiscal Superior de Galicia entregaba no Parlamento de Galicia a memoria anual do seu departamento correspondente a 2017, no que se destaca como elemento principal do informe que "os expedientes de incapacidade incoados en Galicia no últimos cinco anos incrementáronse nun 32 %, ao pasar de 2.600 no ano 2013 a 3.455 en 2017". Segundo a memoria da Fiscalía, en 2017 as demandas de incapacidade presentadas polos fiscais foron preto de 1.200, cifra similar á do ano anterior. Con todo, as demandas presentadas por particulares disparáronse dende un número similar en 2016, unhas 1.200, a máis de 1.800 en 2017. Igualmente, respecto a 2013 os expedientes de internamento de adultos

CSV: REXISTRO-tusk7MOAL-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:16:58
Nº Rexistro: 40943
Data envío: 27/11/2018 17:16:58.296

aumentaron un 24 %, pasando de 3.921 a 4.637.

A pesares de que boa parte dos adultos incapacitados son tutelados por familiares, a Xunta de Galicia supervisa xa a preto de 3.500 e, a pesar de admitir tamén que a cifra seguirá aumentando, só destina a esas tutelas a 23 profesionais, cuxa supervisión acaba desviando cara a outras entidades sociais ante a súa propia incapacidade para facelo.

De feito, o Goberno galego recoñece na propia memoria do Proxecto de orzamentos para 2019, que o número de persoas tuteladas vai seguir aumentando polo "progresivo envellecemento da poboación", e o "incremento nos últimos tempos do número de persoas diagnosticadas con enfermidades mentais", factores aos que engade "o desarraigamento familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores da poboación", a pesares do cal non prevé incrementar os recursos humanos. De feito para dita fundación só se consignan nos orzamentos da Xunta de Galicia, 1.012.026 €.

Ademais, en marzo de 2015, ao quedar baleiro o posto de dirección-xerencia da Funga, convocouse un proceso selectivo que foi declarado deserto máis dun ano e medio despois. Con todo, non foi ata maio deste ano, tras máis de tres anos vacante, que o Goberno galego cubriu ese posto, encomendándollo a un cargo do PP de Ferrol, Juan José Couce Prego, ex asesor do anterior Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do actual funcionamento da Funga?
2. Considera o Goberno galego que é suficiente, para ofrecer unha atención de calidade, o número de profesionais con que conta na actualidade a Funga?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar os recursos humanos nesta fundación pública?
4. En caso afirmativo, cando ten previsto levalo a cabo?
5. Por que estivo sen cubrir máis de tres anos, o posto de Dirección-Xerencia da Funga?

CSV: REXISTRO-tusk7MOAL-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

6. Como valora a Xunta de Galicia o proceso para a cobertura desta praza?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/11/2018 17:07:49**

**Julio Torrado Quintela na data 27/11/2018 17:07:54**

CSV: REXISTRO-tusk7MOAL-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López** e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

As mulleres de idade avanzada, a miúdo con escasos recursos económicos e dependentes economicamente das súas parellas, atópanse especialmente expostas ao risco de violencia, exercida baixo formas complexas e sutís que levan a invisibilizar o problema. O progresivo envellecemento da poboación e a súa repercusión nas situacións de dependencia funcional e emocional favorecen que as persoas maiores sexan un dos grupos sociais máis susceptibles de sufrir situacións de abuso, malos tratos e/ou violencia. Se as persoas maiores son un colectivo de seu case inexistente no debate mediático, os abundantes casos de violencia machista a partires dos 65 anos quedan socialmente silenciados ante a escaseza de denuncias e moi especialmente de acompañamento, o que fai aínda máis difícil a situación de moitas mulleres que levan décadas sufrindo en silencio.

Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial das 54.209 denuncias interpostas por malos tratos, só 1.042 (1,9 %) corresponden a mulleres maiores de 65 anos. Pero isto non se debe confundir cunha menor incidencia. A denuncia non é fácil, dependen economicamente do agresor, adoitan estar illadas e con falla de apoio da súa contorna. Ademais, a súa idade dificúltalles o refacer as súas vidas libres de violencia.

Segundo os datos contidos no informe *Femicides and other murders of women in Spain. Annual Report 2015*, 175 mulleres maiores de 60 anos foron asasinadas *entre 2010-2015*, o 25,7 % do total. A taxa de prevalencia nese período é de 4,9 mulleres asasinadas por millón, máis elevada que a prevalencia do total de casos (4,4). Galicia ten unha das taxas de prevalencia máis altas do estado, somos a cuarta comunidade autónoma con maior taxa, superior á media estatal, sen que ata o de agora se tomaran medidas concretas, máis aló de incluílo en algunhas guías ou charlas puntuais, pero nada específico para dar formación concreta para detectar estas violencias, articular unha atención especializada, e axudas para que poidan refacer a súa vida, mantendo no silencio e no esquecemento a miles de galegas que, durante décadas, foron maltratadas polas súas parellas.

CSV: REXISTRO-vt2nVICKe-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:18:42
Nº Rexistro: 40949
Data envío: 27/11/2018 17:18:42.571

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A Xunta de Galicia, respondía recentemente a preguntas rexistradas polo noso grupo parlamentario, que segundo os datos que figuran no "Informe anual de violencia de xénero 2017", o ano pasado beneficiáronse do programa de axudas periódicas un total de 417 mulleres, das que tan so 18 eran maiores de 65 anos (o 4,32 por cento). No que se refire ás axudas de pago único, que chegaron a 66 vítimas, só dúas eran maiores desa idade (o 3 por cento). Pola súa banda, na rede galega de acollida rexistráronse como usuarias 3 mulleres maiores de 65 anos, o que representa o 2,07 por cento do total. Os datos indícannos que nin se está actuando o suficiente nin pola senda axeitada, para detectar esta violencia e poñerlle freo.

Tendo en conta o contexto de desprotección ante a violencia machista que sofren na nosa comunidade autónoma as mulleres maiores, e a ausencia de recursos públicos específicos para combatela, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos necesario impulsar programas específicos onde estas mulleres poidan identificar o problema de violencia de xénero que sofren elas ou outras mulleres da súa contorna e apoialas, coñecendo os recursos que están á súa disposición.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia de que a nosa sexa a cuarta comunidade autónoma con maior taxa de prevalencia de mulleres asasinadas maiores de 65 anos?
2. A que cre o Goberno galego que se debe que teñamos unha taxa de prevalencia moito maior que a media estatal?
3. Considera a Xunta de Galicia que a Administración autonómica está a facer todo o esforzo posible para detectar neste rango de idade a violencia machista, articular unha atención especializada, e axudas para que poidan refacer a súa vida?
4. Por que cre o Goberno galego que, segundo o "Informe anual de violencia de xénero 2017", é tan baixo o número de mulleres maiores de 65 anos que se acolleron durante o ano pasado ás axudas económicas e a rede galega de acollida?
5. Que ten previsto facer a Xunta de Galicia para mellorar a detección e a atención especializada da violencia machista nas mulleres maiores?

CSV: REXISTRO-vt2nVICKe-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:18:42
Nº Rexistro: 40949
Data envio: 27/11/2018 17:18:42.571

6. Que formación están recibindo as profesionais que se dedican a atención aos nosos maiores nos recursos públicos e privados da nosa comunidade autónoma (residencias de maiores, centros de día, servizos de teleasistencia, servizo a domicilio..)?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia impulsar, durante a X lexislatura, algún programa específico de formación para a detección temperá de violencia machista dirixido ás profesionais que traballan no ámbito dos coidados ás persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/11/2018 17:09:56**

**María Luisa Pierres López na data 27/11/2018 17:10:01**

**Julio Torrado Quintela na data 27/11/2018 17:10:04**

CSV: REXISTRO-vt2nVICKe-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:34:21
Nº Rexistro: 40957
Data envío: 27/11/2018 17:34:21.616

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á demanda por parte do goberno galego de coeficientes redutores para os traballadores e traballadoras do sector naval.

Un dos dereitos conquistados pola clase traballadora é o dunha pensión ao remate da súa vida activa como traballadores e traballadoras en activo. Durante a última década puidemos ver como a crise socioeconómica era empregada como desculpa para recortar dereitos nesta materia, medidas regresivas que desenvolveron gobernos do PP e do PSOE no Estado co silencio da Xunta de Galiza malia afectar ás maiorías sociais deste país.

Unha das cuestións que teñen ficado conxeladas é o avance canto á mellora das condicións de xubilación para aquelas profesións máis penosas. Cómpre recordar que o Real Decreto Lexislativo 8/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social recolle no seu artigo 206 como a idade mínima de acceso á pensión de xubilación pode ser rebaixada naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que as e os traballadores acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estabeleza. Desta forma, neste marco sitúanse as bases do procedemento a seguir para estabelecer estudos conducentes a regular esta posibilidade



CSV: REXISTRO-FxxypbHf7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cando falemos de condicións laborais onde as posibilidades de intervención nas mesmas non poidan derivar nunha solución suficiente para dita penosidade. Este procedemento é desenvolvido ao abeiro do Real Decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para estabelecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no Sistema da Seguridade Social.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que un dos sectores que deben avanzar no recoñecemento de dereitos e, máis concretamente, das súas condicións de xubilación, é o sector naval. Dunha banda, cómpre recordar a importancia no noso país do sector, que sobreviviu ás diferentes reconversións e aos vetos de facto por parte do goberno central para a construción civil na ría de Ferrol, por exemplo. Doutra banda, da análise das súas condicións de traballo só pode extraerse a pertinencia do estabelecemento de coeficientes redutores, máis aínda se observamos outros sectores similares que si teñen desenvolvido este dereito.

**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 11:07:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 11:07:43**



CSV: REXISTRO-tI2CLZIvr-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 11:07:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 11:07:47**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 11:07:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 11:07:51**

CSV: REXISTRO-tI2CLZlvr-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 11:23:34
Nº Rexistro: 41076
Data envio: 29/11/2018 11:23:34.395

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as listas de agarda no Hospital Comarcal de Monforte.

No Hospital Comarcal de Monforte están a producirse importantes listas de agarda. No caso do servizo de oftalmoloxía están a citar doentes para revisións tendo que agardar até 15 meses, máis dun ano, provocando queixas entre as e os pacientes.

Perante os escritos formulados polas persoas usuarias diante da xerencia, o hospital apenas resposta dando conta da súa recepción –en castelán-- e lembrando a data para a que foron citadas.

Esta situación non é nova nin sequera exclusiva do servizo de oftalmoloxía e súmase ás denuncias por falta de persoal e a falta de investimento deste centro hospitalario, fundamental para as comarcas do sur de Lugo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que se demoran as citas no servizo de oftalmoloxía do Hospital Comarcal de Monforte até 15 meses?



CSV: REXISTRO-yolMLTPXp-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre a Xunta de Galiza que este centro hospitalario conta co persoal suficiente para garantir a correcta atención da poboación?

- Vai adoptar algunha medida ao respecto o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 11:22:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 11:23:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 11:23:04**



CSV: REXISTRO-yolMLTPXp-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 11:23:34
Nº Rexistro: 41076
Data envio: 29/11/2018 11:23:34.395

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 11:23:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 11:23:07**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 11:23:09**

CSV: REXISTRO-yoIMLTPXp-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 12:48:10
Nº Rexistro: 41081
Data envio: 29/11/2018 12:48:10.132

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as mudanzas que prevé introducir a Xunta de Galiza na Rede Galega de Salas (RGS), a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) e na organización de Escena PRO.

A AGDIC está a preparar a introdución de mudanzas nos criterios que rexían até o momento a xestión da Rede Galega de Salas (RGS), a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) e a organización de Escena PRO, feira de artes escénicas de Galiza.

En relación á RGS, a Axencia, anunciou nunha xuntanza desenvolvida coas catro salas que compoñen na actualidade a rede que prevé convocar unha única liña de axudas en concorrencia competitiva dirixida a salas de artes escénicas de titularidade privada. Neste senso, serán aqueles espazos que gocen destas axudas as que pasarán a conformar, con carácter anual, a RGS.

Esta mudanza supón un importante cambio na rede que foi concibida desde a súa creación (2007) como unha estrutura orgánica dirixida a incentivar a distribución de espectáculos de artes escénicas en salas de teatro co obxectivo de alcanzar unha maior estabilidade na súa programación habitual.

Doutra banda, tamén a RGTA prevé sufrir cambios no modelo de xestión derivados, segundo a AGADIC, do cumprimento da Lei 9/2017, de Contratos do sector



CSV: REXISTRO-0nCZA5wn7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 12:48:10
Nº Rexistro: 41081
Data envio: 29/11/2018 12:48:10.132

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

público toda vez que se esgota o último prazo de prórroga para se adaptar a este novo marco normativo.

En relación á feira de artes escénicas de Galiza, Escena PRO, a AGADIC propuxo externalizar a organización do evento para que fose a asociación profesional Escena galega quen a asumise ou, no seu defecto, unha empresa externa.

Esta feira das artes escénicas de Galiza foi concibida desde a súa creación como punto de encontro da profesión para dar a coñecer as producións e pular pola súa contratación.

A Xunta de Galiza anunciou hai máis dun ano que prepara a Estratexia da Cultura Galega 2021 asegurando que esta deseñaría a política cultural do goberno galego, un documento do que, até o momento, só se coñece un esquema inicial.

Desde o Bloque Nacionalista Galega entendemos que calquera mudanza no modelo de xestión da RGS, a RGTA así como a Rede Galega de Música ao Vivo, ou en eventos de enorme importancia para as artes escénicas como Escena PRO, deberían ser debatidas e analizadas cos axentes do sector no marco da ECG 2021 coa posibilidade de que estes acheguen as súas propostas e estas poidan ser tidas en conta, e non apenas comunicadas en xuntanzas puntuais con pouca marxe de manobra.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales son e a que obxectivos responden as mudanzas previstas pola AGADIC no modelo de xestión da RGS e a RGTA?

- Cando entrarían en vigor?



CSV: REXISTRO-0nCZA5wn7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Propuxo a Xunta de Galiza externalizar a organización de Escena PRO?

- De ser así, por que, con que obxectivos e cal será a nova fórmula?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 12:47:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 12:47:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 12:47:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 12:47:48**

CSV: REXISTRO-0nCZA5wn7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 12:48:10
Nº Rexistro: 41081
Data envio: 29/11/2018 12:48:10.132

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 12:47:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 12:47:51**

CSV: REXISTRO-0nCZA5wn7-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:41:48
Nº Rexistro: 41105
Data envio: 29/11/2018 13:41:48.924

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Recentemente o goberno portugués levou a cabo unha poxa, condición de Europa para a inxección de fondos, co obxecto de se desprender do Banco Caixa Geral, a filial no Estado español da portuguesa Caixa Geral de Depósitos. Finalmente foi Abanca, o grupo presidido por Juan Carlos Escotet, quen adquiriu este Bando de forma que incorporou un volume de negocio de 7.000 millones de euros e 110 oficinas, 35 en Galiza. Desta forma Abanca consolídase como a sétima entidade do Estado canto a patrimonio e oitava canto activos a cambio dun prezo final de 364 millóns de euros.

Con este novo chanzo avánzase na concentración bancaria en Galiza, que segundo indicaba o *Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia* elaborado pola Comisión Galega da Competencia a instancia dun acordo parlamentar, xa supuña en Galiza un nivel de concentración superior á medida europea e española. Por outra parte, a análise na altura do Índice de concentración HHI aplicado ás cinco maiores entidades daba como resultado 1.400 puntos no Estado español, mentres que para Galiza o resultado era de 2.321, o que implica moita maior concentración.



CSV: REXISTRO-qV4iV7fgb-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:41:48
Nº Rexistro: 41105
Data envio: 29/11/2018 13:41:48.924

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, é pertinente recordar que nunha parte importante o que viña sendo o Banco Caixa Geral no noso país tivo a súa orixe no Banco Simeón. Con este novo paso evidénciase o mal negocio que supuxo para Galiza a venda a prezo de saldo das caixas galegas e a súa posterior bancarización, pois é evidente a folgura e capacidade de manobra que ten Abanca para seguir facéndose con cotas de mercado.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta cuestión debe ser atendida e vixiada por parte do goberno galego, que días despois de coñecerse a operación nin sequera fixo unha valoración desta. Esta operación terá un novo impacto sobre o emprego no sector da banca en Galiza, que arrastra unha década de reconversión e que aínda non deu por finalizado o proceso da venda do Popular-Pastor e a súa transición a un único paraugas como é o Banco Santander, tal e como amosan recentes peches de oficinas, como a de Guitiriz, que ten levantado resposta por parte da sociedade e dos cadros de persoal. Así mesmo, terá repercusións no número de oficinas e no acceso ao crédito por parte de empresas e particulares. Consecuencias todas elas que deben ser avaliadas e sobre as que cómpre actuar de forma decidida.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora a Xunta de Galiza a saúde do sistema financeiro galego após a compra do Banco Caixa Geral por parte de Abanca? Que tipo de medidas e estudos obxectivos puxo ou vai poñer en marcha?



CSV: REXISTRO-qV4iV7fgb-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:41:48
Nº Rexistro: 41105
Data envio: 29/11/2018 13:41:48.924

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que isto é positivo para o nivel de concentración bancaria de Galiza? Vai levar a cabo algún tipo de actuación para intervir nesta situación?

Como avalía o goberno galego o impacto nas persoas consumidoras do proceso do Banco Caixa Geral?

E no emprego?

E nas e nos usuarios?

Considera que terá repercusións nas relacións económicas co país luso?

Considera a Xunta de Galiza que o mercado financeiro galego pode considerarse un oligopolio?

Considera a Xunta de Galiza a concentración bancaria – e polo tanto a redución da oferta- que se está a producir é beneficioso para os clientes e usuarios de servizos financeiros?

A que cre a Xunta de Galiza que é debida a grande concentración de entidades financeiras en Galiza?

Considera a Xunta de Galiza de xeito positivo os efectos da reestruturación bancaria?

Como avalía a desgaleguización das entidades financeiras radicadas no país?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018



CSV: REXISTRO-qV4iV7fgb-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:41:48
Nº Rexistro: 41105
Data envio: 29/11/2018 13:41:48.924

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 13:20:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 13:20:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 13:20:35**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 13:20:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 13:20:38**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 13:20:39**

CSV: REXISTRO-qV4iV7fgb-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 17:09:55
Nº Rexistro: 41120
Data envío: 29/11/2018 17:09:55.207

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**

O Concello de Vilanova de Arousa ten 10.361 habitantes, dos cales 2.441 teñen máis de 65 anos, o que representa o 23,5% da poboación.

Como recurso residencial para a terceira idade en dito Concello só hai a Residencia Valle Inclán, privada, con 200 prazas, das cales están ocupadas 106.

Sobre a residencia está en curso un procedemento de peche definitivo, dado que, tras numerosas inspeccións, a Xunta comprobou que a xestión está en mans dunha empresa diferente á autorizada a prestar o servizo (Viaxes Silgar). A empresa prestadora, Servizos Integrales Dos Andando, non solicitou a autorización administrativa para prestar o servizo. A Xunta non actuou ata o ano 2018 e o Concello non tomou cartas no asunto.

O peche da residencia xera gran preocupación en persoal – a maioría da propia Vilanova – e persoas usuarias e familiares, que terían que ser distribuídas entre outros centros residenciais galegos. Coa escasa disponibilidade de prazas, a maioría de persoas veríanse desprazadas lonxe do fogar. As persoas usuarias e as súas familias, ademais, denuncian que a Xunta só lles notificou por carta o peche e lles enviou unha relación de teléfonos de outros centros residenciais.

CSV: REXISTRO-t72OakTGE-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 17:09:55
Nº Rexistro: 41120
Data envio: 29/11/2018 17:09:55.207

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Unha prioridade para o Concello de Vilanova, que aprobou por unanimidade unha moción neste sentido, é o mantemento dos 51 postos de traballo e prazas residenciais da residencia Valle-Inclán.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta:

1. Dende cando coñecía a Xunta a situación irregular da Residencia de Vilanova?

2. Que alternativas se van ofrecer ás persoas usuarias da residencia Valle Inclán por parte da Xunta?

3. Cales son as razóns da Xunta pechar a residencia de maiores Valle Inclán?

4. Por que a Xunta enviou cartas ás persas usuarias ofertando residencias moi alonxadas de Vilanova?

5. Que ten pensado facer a Xunta en relación aos 51 postos de traballo que se perderían?

6. Cando se vai reunir a Xunta cos axentes implicados?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-t72OakTGE-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 17:09:55
Nº Rexistro: 41120
Data envío: 29/11/2018 17:09:55.207

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Paula Vázquez Verao na data 29/11/2018 16:32:03**

CSV: REXISTRO-t72OakTGE-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 17:44:48
Nº Rexistro: 41132
Data envio: 29/11/2018 17:44:48.050

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar diante da compra do negocio de Caixa Geral por parte de Abanca.

A rede comercial de Caixa Geral de Depósitos no Estado español ven de ser adquirida por Abanca Corporación Bancaria, S.A. esta decisión é un novo episodio no proceso de concentración bancaria e avance na posición oligopolista.

Unha nova concentración negativa desde o punto de vista da competencia, da perda de servizos, da destrución de emprego e da economía galega en xeral. A Caixa Geral ten 35 oficinas repartidas polas 4 provincias, todas elas coincidentes con oficinas de Abanca, e 131 persoas empregadas, ás que hai que engadir as que realizan tarefas de limpezas ou de seguridade.

Esta operación terá un novo impacto no sector da banca en Galiza, que arrastra unha década de reconversión, dados os antecedentes terá un novo impacto sobre o emprego.

Non ten polo tanto xustificación a falta de actuación por parte da Xunta de Galiza, toda vez que os seus propios informes alertaban do excesivo grado de concentración do sistema financeiro galego, cuns índices de concentración dos máis altos da Unión Europea, aos que hai que sumar os do Banco de España.



CSV: REXISTRO-7Eyg8OxGN-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 17:44:48
Nº Rexistro: 41132
Data envio: 29/11/2018 17:44:48.050

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza ten que deixar de estar ausente, ten que implicarse e actuar para evitar a destrución de emprego e a exclusión financeira de miles de galeg@s, por esa razón presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que accións ten realizado o Goberno galego para que a compra por parte de Abanca do negocio da Caixa Geral en Galiza non supoña a destrución dos 131 postos de traballo nin a desaparición das 35 oficinas que posúe no noso país?

-Ten realizado algunha actuación para evitar a perda de servizos bancarios á poboación?

-Toda vez que a Xunta ten un informe que alerta do excesivo grado de concentración do sistema financeiro galego, que accións ten realizado para que non se siga acentuando?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: REXISTRO-7Eyg8OxGN-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 17:44:48
Nº Rexistro: 41132
Data envío: 29/11/2018 17:44:48.050

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 17:43:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 17:43:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 17:43:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 17:43:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 17:43:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 17:43:38**

CSV: REXISTRO-7Eyg8OxGN-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 18:06:08
Nº Rexistro: 41136
Data envio: 29/11/2018 18:06:08.396

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Julia Torregosa Sañudo** deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita,** relativa ao catering do IES Aquis Querquernis de Bande.

Dende En Marea entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

O modelo privatizador do Partido Popular con respecto aos comedores escolares, alentado polo Decreto 132/2013 de 1 de agosto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (hoxe Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional), afecta especialmente aos nenos e nenas que lonxe de recibir unha alimentación saudable padecen os efectos da externalización: exceso de precociñados e fritidos de nulo valor nutricional, comida fría, ás veces semiconxelada, plásticos de orixe descoñecida nas comidas, expresións dalgún alumno do Instituto de Entrimo que din que "os porcos comen mellor que eles", son algúns dos moitos exemplos de graves deficiencias que se repiten diariamente á hora da comida nas escolas dos nenos e nenas de Galicia que viron como se despedían ás persoas ocupadas na cociña para dar negocio a empresas privadas de catering. Exemplos que padecen máis de 2800 alumnas e alumnos galegos que reciben cada día comida de servizos de catering.

CSV: REXISTRO-iyypLVfP9-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 18:06:08
Nº Rexistro: 41136
Data envio: 29/11/2018 18:06:08.396

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Os pais e nais do IES Aquis Querquernis no que están matriculados/as estudantes de Lobeira, Bande, Muíños, Lobios e Entrimo non son un caso illado. Eles detectan unha serie de irregularidades que poñen en dúbida a calidade dos menús escolares. Sérvenlles a comida en recipientes de plástico que rompe con facilidade…

Aínda que o curso xa comezou cren que debera anularse o contrato coa empresa adxudicataria Sala Gradín por entender que vulnera criterios de calidade. Os pais e nais quéixanse de que os nenos e nenas non comen nin se alimentan.

A empresa adxudicataria debe proporcionar aos centros o material necesario para quentar, rexenerar ou refrixerar os pratos se é necesario:

*A empresa que concursa, deberá presentar na súa solicitude unha declaración responsable conforme, no caso de ser a adxudicataria, se compromete a poñer a disposición do centro todos os materiais requiridos para o idóneo servizo de quecemento, rexeneración ou refrixeración de menús.*

Parece ser que o grande negocio do catering a empresas privadas ten consecuencias que aínda nin podemos medir. Consecuencias, tamén, de abandonar a concepción educativa que, ao noso entender, debera ter o servizo de comidas nas escolas.

Dende En Marea, defendemos a gratuidade total do ensino público, que para que sexa real debe incluír, tamén, a gratuidade dos mal chamados servizos complementarios. Defendemos un modelo de comedor escolar 100% público, con persoal contratado pola Consellería, elaboración dos menús da man de profesionais da mesma Consellería e que conte en cada centro educativo cunha persoa responsable do servizo. Un modelo de comedores que, ademais, teña en conta o seu potencial como fonte de riqueza dinamizando o comercio local, toda vez que debera centrarse en alimentos frescos e saudables, que aposten polo

CSV: REXISTRO-iyvpLVfP9-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

comercio de proximidade, tanto por cuestións de saúde como de educación alimentaria.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que criterios avaliables empregaron para a adxudicación do catering á empresa Sala Gradín ao IES Aquis Querquernis?
2. Fíxose algunha avaliación ao catering do IES Aquis Querquernis? Se a resposta é afirmativa: que conclusións houbo?
3. É consciente a Xunta de Galicia da deficiencia nutricional deste servizo de catering escolar?
4. Conta con algún experto/a nutricional que avalíe e autorice os menús escolares?
5. Se a mesma empresa non vai continuar prestando servizo de cafetería, comedores e servizos complementarios no Parlamento de Galicia a partires do 22 de decembro, non consideran que tamén se debera revisar e no seu caso rescindir o contrato de catering ao IES Aquis Querquernis?
6. Con que mecanismo conta a Consellería para detectar os caterings que non cumpren cun menú equilibrado e nutritivo?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-iyvpLVfP9-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 18:06:08
Nº Rexistro: 41136
Data envio: 29/11/2018 18:06:08.396

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 29/11/2018 18:03:35**

**Luca Chao Pérez na data 29/11/2018 18:03:42**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 29/11/2018 18:03:52**

CSV: REXISTRO-iyvpLVfP9-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40820
Data envío: 25/11/2018 15:57:15.188

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Pregunta de participación popular no control ao Goberno sobre a instalación de un forno crematorio en Lousame**

, maior de idade, actuando en representación, na súa calidade de Presidenta, da **ASOCIACIÓN SOCIEDADE HISTÓRICA E CULTURAL COLUNA SANFINS**, con NIF nº G-70469150, con enderezo aos efectos de notificación en Froxán n.º 4, Lousame 15212 (A Coruña), e con enderezo electrónico colunasanfins@gmail.com, por medio do presente escrito firmado dixitalmente mediante certificado de representación da FNMT ante a Mesa do Parlamento comparezo para formular pregunta de participación popular no control ao Goberno.

**RESUMO SUCINTO DO ASUNTO PRESENTADO**

Esta Asociación ten constancia da intención da empresa titular do Tanatorio de Lousame de promover a instalación no núcleo de Porto Bravo dun forno crematorio. Esta Asociación dirixiuse á Consellaría de Sanidade para coñecer os antecedentes administrativos do proxecto, sen obter resposta algunha, en vulneración da lexislación en materia de transparencia e acceso á información pública. Esta Asociación desexa preguntar sobre o motivo do silencio da Consellaría e se, á vista dos exposto, considera autorizábel a instalación en Porto Bravo dun forno crematorio.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No mes de setembro de 2018 a empresa titular no tanatorio situado no núcleo de Porto Bravo colocou na fachada do seu predio un rótulo de grandes dimensións indicando "**CREMATORIO**".




O rótulo foi retirado días despois, a pedido da Alcaldía do Concello de Lousame, despois de recibírense no Concello preguntas por parte da veciñanza. Simultáneamente colocouse outro rótulo menor, coa indicación "Columbario", que non foi retirado. A páxina web do Tanatorio de Lousame indicaba no momento en que se formula esta pregunta que presta os servizos de "crematorio".[1] O forno crematorio que pretende instalar a empresa situaríase a **30 metros do**

[1] http://www.pompasfunebresnoroeste.es/tanatorio-de-lousame

**centro de día para persoas maiores e dependentes; a 40 metros do centro de saúde do municipio; a 65 metros da casa consistorial; a 90 metros da Casa da Cultura; a 100 metros do maior parque infantil do municipio e a menos de 100 metros das vivendas mais próximas.** Isto fai comprensíbel a preocupación non só da veciñanza inmediata senón que de todas as persoas usuarias dos numerosos servizos públicos do núcleo de Porto Bravo.

Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lousame, a clasificación do solo no que se pretende instalar o crematorio é Solo de Núcleo Rural. A actividade propia dun forno crematorio é descrita como "actividade contaminante" na Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera, non se podendo considerar un uso permitido neste tipo de solo, prohibindo a normativa implantar en Solo de Núcleo Rural actividades que poidan "supoñer perigo ou molestias para os veciños". De ningunha forma pode considerarse unha actividade industrial molesta, insalubre e contaminante como compatíbel coa clasificación do solo da parcela na que se pretende instalar o crematorio. Sirva como exemplo a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-administrativo) de 22 de setembro de 2011 (casa. 1217/2008), que deixa claro cómo *"Es evidente que la actividad de horno crematorio para la incineración de cadáveres humanos puede calificarse de molesta e insalubre"*. A propia sentenza transcribe un informe técnico, tamén referido en sentenzas posteriores, que estabelece a necesidade de distanciar os crematorios dos núcleos habitados:

> *"...estimamos conveniente que los crematorios, en cuanto actividad de un horno incinerador con emisión a la atmósfera de sustancias contaminantes derivadas de la cremación de cadáveres, además de las propias de combustión, mantengan una distancia mínima con respecto a las viviendas (...) ... Los contaminantes atmosféricos emitidos en los procesos de cremación de cadáveres proceden, principalmente de tres fuentes: La combustión incompleta, la combustión, la volatilización de metales acumulados en el cuerpo humano (...) ... como resultado de la incineración se producen, entre otras, las siguientes sustancias tóxicas: monóxido de carbono, partículas sólidas, cloruro de hidrógeno, óxidos de nitrógeno, dióxidos de azufre, dioxinas, mercurio, cadmio y plomo".*

En relación á distancia mínima entre crematorios e vivendas, a Sentenza 51/2016 do Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense de 4 de marzo de 2016, indica:

> *"...ha de añadirse que de entre las tres actividades vinculadas al tratamiento de cadáveres humanos, como son las de tanatorio, cementerio y crematorio, la última de ellas conlleva un elemento diferencial, cualificado, por las molestias, especialmente penosas, que provoca a los habitantes más próximos. El crematorio causa 'alarma social' porque produce emisiones de humo, gases y olores, que además de resultar potencialmente nocivas para la salud, incluyen un componente subjetivo, muy desagradable para los residentes más cercanos, ante el riesgo de respirar aire procedente de la cremación de difuntos. Por esa razón numerosos ayuntamientos vienen exigiendo para la instalación de crematorios de cadáveres, una distancia mínima de 500 metros hasta las viviendas más cercanas, aplicando analógicamente lo dispuesto en el artículo 50 del Decreto de 20 de julio de 1974 aprobatorio del Reglamento de Policía Sanitaria Mortuoria (...). ... Por esta razón han de resolverse en sentido restrictivo a dicha actividad las dudas que pudiesen surgir en la interpretación de la normativa aplicable, en especial en lo referente al régimen de distancias a las viviendas más cercanas."*

Non sendo aceptábel nin comprensíbel que mentres noutros municipios próximos se obriga ás empresas promotoras de fornos crematorios que estes se instalen en lugares afastados dos núcleos habitados, e preferentemente en solo industrial, en Lousame se poidese facilitar a instauración dunha actividade contaminante, nociva e insalubre no principal núcleo do municipio en termos de dotación de servizos (que ademáis atenden a varios concellos da comarca, como é o caso do centro de día) e facendo un apelo á defensa e respecto dos dereitos de participación pública e consentemento previo, libre e informado que en materia de

proxectos con afección ambiental e á saúde lles asisten á veciñanza, esta Asociación en data de **26 de setembro de 2018** formulou solicitude mediante o procedemento de acceso á información pública dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para recabar os antecedentes existencias sobre o proxecto en cuestión. Durante a sesión ordinaria do Concello de Lousame de 5 de outubro de 2018 a Alcaldía manifestou que un técnico xurídico da empresa titular das instalacións funerarios xa iniciara xestións ante a Consellaría de Sanidade para a instalación dun forno crematorio.

No modelo normalizado indicábase que órgano que posúe a información é a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade, unha vez que "O art. 11.2 do Decreto 151/2014 establece a obriga das empresas funerarias de presentar declaración responsable para o inicio ou variación da actividade. Tense constancia que o Tanatorio de Lousame (Portobravo s/n) ten iniciado os trámites para a apertura dun crematorio nas mesmas instalacións." Ante o cal a solicitude visaba obter "**copia do(s) expediente(s) relativos ás autorizacións dese establecemento e do crematorio que pretende instalarse.**" En data de 26 de outubro de 2018 transcorreu o prazo máximo para resolver a solicitude de acceso á información pública atendendo á Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno de Galicia, á Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e á Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente (incorpora las Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE), Directiva 2003/4/CE e Convenio de Aarhus (unha vez que a información solicitada, sobre un proxecto de crematorio, fai referencia a unha actividade contaminante e insalubre con emisións atmosféricas de substancias perigosas, tendo adicionalmente a consideración de información ambiental). Ante ese feito, foi presentada por esta Asociación queixa ante a Comisión de Transparencia de Galicia, admitida a trámite o 7 de novembro baixo o número de procedemento RCTG 128/2018. Independentemente da resolución que veña a dictar a Comisión de Transparencia, o silencio absoluto gardado pola Consellaría de Sanidade en relación á petición cursada non axuda a tranquilizar a veciñanza e motiva estas preguntas.

**PREGUNTAS**

1. **Ten constancia a Consellaría de Sanidade do inicio de xestións por parte da empresa titular do Tanatorio de Lousame para a autorización da instalación dun forno crematorio en Porto Bravo (Lousame)?**
2. **Por que non atendeu a Consellaría de Sanidade a solicitude de información pública cursada o día 26 de setembro de 2018 en relación aos expedientes de declaración responsable para o inicio ou variación da actividade no Tanatorio de Lousame, vulnerando a lexislación en materia de acceso á información pública?**
3. **Atendendo á situación exposta anteriormente, considera a Consellaría de Sanidade autorizábel un forno crematorio nas actuais instalacións do Tanatorio de Lousame?**

En Lousame, a 25 de novembro de 2018,

Firmado por MATO CREO IOLANDA - 76779120Z el día 25/11/2018 con un certificado emitido por AC FNMT

Iolanda Mato Creo
Presidenta,
Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40820
Data envío: 25/11/2018 15:57:15.188

Asinado dixitalmente por:

MATO CREO IOLANDA - 76779120Z na data 25/11/2018 15:56:47

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727